

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5292 *Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A industria audiovisual converteuse nos últimos anos nun sector cada vez con maior peso e transcendencia para a economía. Os contidos audiovisuais e a súa demanda forman parte da vida cotiá do cidadán actual. Non se concibe o mundo, o ocio, o traballo ou calquera outra actividade sen o audiovisual.

Nos últimos anos a comunicación audiovisual baseouse na explotación tradicional da radio e a televisión analóxica condicionada pola escaseza de espectro radioeléctrico e, por tanto, por unha oferta pública e privada reducida e cun modelo de explotación moi asentado pero comercialmente pouco sustentable.

A tecnoloxía dixital vén romper con este modelo e abre un aumento exponencial dos sinais de radio e televisión grazas á capacidade de compresión do sinal que se incrementa aumentando a calidade do sinal audiovisual. Aumenta o acceso aos medios audiovisuais e multiplícanse as audiencias, pero, por esta mesma razón, frágmenanse. Irrompe a internet como competidora de contidos. Os modelos de negocio evolucionan e desprázanse. Como consecuencia de todo isto, a normativa ten que evolucionar cos tempos e debe adaptarse aos novos desenvolvementos tecnolóxicos.

Faise necesario, por tanto, regular, ordenar con visión de medio e longo prazo, con criterios que despexen incertezas e dean seguridade ás empresas e coa intención de protexer o cidadán de posicións dominantes de opinión ou de restrición de acceso a contidos universais de grande interese ou valor.

Así o entenderon os países máis avanzados e a propia Unión Europea, que, a través de directivas, estableceu e perfecciona periodicamente normas que configuran un réxime básico común que garanta o pluralismo e os dereitos dos consumidores.

Tales directivas deben trasponse obrigatoriamente á lexislación española. Esa é unha das funcións desta lei, a transposición da Directiva 2007/65/CE, de servizos de comunicación audiovisual, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2007.

Pero non é só este o obxectivo da Lei xeral da comunicación audiovisual. Hoxe España dispón dunha lexislación audiovisual dispersa, incompleta, ás veces desfasada e obsoleta, con grandes carencias para adaptarse aos tempos e, por tanto, permanentemente sometida a cambios frecuentes, vía decreto ou subsumida noutras leis de temática diversa. Atopámonos, pois, ante unha normativa vixente, afastada da realidade e limitativa que, na súa orixe, naceu con vocación de transitoriedade pero que se perpetuou máis tempo do inicialmente previsto.

Consecuentemente, esta lei pretende compendiar a normativa vixente aínda válida, actualizar aqueles aspectos que sufriron importantes modificacións e regular as novas situacións carentes de marco legal. E todo isto coa misión de dar seguridade xurídica á industria e posibilitar a creación de grupos empresariais audiovisuais con capacidade de competir no mercado europeo e a apertura regulada de novos modelos de negocio como son a TDT de pagamento, a alta definición e a TV en mobilidade; e facelo garantindo tamén o pluralismo e a protección dos dereitos cidadáns; ao mesmo tempo que se fixan

unhas regras de transparencia e competencia claras nun contexto de convivencia do sector público co privado e de liberalización da actividade audiovisual.

Esta normativa xeral de referencia vén sendo unha demanda do sector audiovisual no seu conxunto e dos consumidores desde hai anos. Esta lei, por tanto, nace coa vocación de aprobar unha materia pendente da nosa democracia, superar o disenso e alcanzar un acordo para unha reforma que quere ver a luz con vontade de permanencia. Unha lei que codifique, liberalice e modernice a vella e dispersa normativa española actual, outorgue seguridade e estabilidade ao sector público e privado, a curto e medio prazo, mediante un marco xurídico básico suficientemente flexible para adaptarse ao dinamismo que por definición ten este sector ante a vertixinosa e continua evolución tecnolóxica.

Esta lei debe entenderse, tamén, inmersa no proxecto de reforma audiovisual do Goberno emprendida na lexislatura anterior coa aprobación da Lei 17/2006, da radio e a televisión de titularidade estatal, e complementada coa Lei de financiamento da Corporación RTVE.

E é que a Lei xeral da comunicación audiovisual se presenta como norma básica non só para o sector privado senón tamén para o público, fixando, co máis absoluto respecto competencial que marca a nosa Constitución, os principios mínimos que deben inspirar a presenza no sector audiovisual de organismos públicos provedores do servizo público de radio, televisión e servizos interactivos. Principios inspirados na normativa e recomendacións comunitarias sobre financiamento público compatible co Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, control independente a través de organismos reguladores e garantía e protección de dereitos.

Neste sentido, a norma aspira a promover unha sociedade máis incluínte e equitativa e, especificamente no referente á prevención e eliminación de discriminacións de xénero, no marco do establecido en materia de publicidade e medios de comunicación na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

Estes son os principios que inspiran o articulado desta lei que regula a comunicación audiovisual de cobertura estatal e que na súa sistemática colocou en primeiro lugar, tras os artigos de obxectivos, definicións e ámbito de aplicación, o recoñecemento de dereitos. Así, o capítulo I do título II está consagrado integramente á garantía dos dereitos dos cidadáns a recibiren comunicación audiovisual en condicións de pluralismo cultural e lingüístico –o que implica a protección das obras audiovisuais europeas e españolas nas súas distintas linguas–, así como a exixir ante as autoridades a adecuación dos contidos ao ordenamento constitucional vixente. Este capítulo trata de forma individualizada as obrigacións dos provedores de servizos de comunicación audiovisual verbo dos menores e das persoas con discapacidade, que merecen, a xuízo do lexislador e das institucións europeas, unha protección especial.

No capítulo II deste título II inclúense os dereitos dos provedores do servizo de comunicación audiovisual, que, basicamente, son o de prestar ese servizo en condicións de liberdade en canto a selección de contidos, liña editorial e emisión de canles; e liberdade absoluta no caso das comunicacións electrónicas. A posibilidade e condicións de autorregulación e de emisión de contidos publicitarios constitúen outros dous grandes ámbitos de dereitos que se consagran nesta lei.

A regulación da publicidade, conforme os criterios establecidos pola directiva comunitaria xa citada, ocupa unha parte importante desta lei. Está concibida como un instrumento de protección do consumidor fronte á emisión de mensaxes publicitarias en todas as súas formas en canto a tempo e contidos pero tamén cunha normativa reguladora básica para impedir abusos e interpretacións diverxentes que teñen levado, no pasado, á apertura de expedientes e discrepancias serias á hora de interpretar os preceptos europeos. Con isto é co que, con esta lei, se pretende acabar, ao deseñar un escenario claro e inequívoco aliñado coa terminoloxía e os postulados da Comisión e o Parlamento Europeo.

Finalmente, este título II dedica un capítulo á regulación dos dereitos sobre contidos en réxime de exclusividade, na que se protexe o dereito á información de todos os cidadáns como dereito prioritario e se fixan límites á exclusividade en función de criterios de interese xeral que aseguran a emisión en aberto dunha serie de acontecementos relacionados fundamentalmente con eventos deportivos de gran audiencia e valor. Para isto, inclúese unha referencia normativa básica seguindo os criterios, resolucións e recomendacións das autoridades e organismos de vixilancia da competencia españois e europeos.

O título III parte do principio de liberdade de empresa e establece o réxime xurídico básico para a prestación dun servizo de comunicación audiovisual, diferenciando aqueles que só precisan de comunicación previa por estar o seu segmento liberalizado, daqueles que, por utilizaren espazo radioeléctrico público a través de ondas hertzianas e teren capacidade limitada, necesitan de licenza previa outorgada en concurso público celebrado nas condicións que fixa esta mesma lei.

Os principios de titularidade europea e de reciprocidade, que se incorporan á lexislación española neste sector, presiden este réxime xurídico. Co obxectivo de reforzar a seguridade amplíase ata 15 anos o período de concesión de licenza, actualmente en dez, e, como novidades, establécese a renovación automática se se cumpren determinados requisitos e recoñécese a posibilidade de arrendar ou ceder licenzas en determinadas condicións. Tamén se regula, como un dereito dos titulares das licenzas, o acceso condicional ou de pagamento, limitándoo a un 50% das canles concedidas a cada licenza para garantir unha extensa oferta de televisión en aberto.

Outra das novidades desta lei é o recoñecemento do dereito de acceso aos servizos de comunicación electrónica en condicións plenas de interactividade, as emisións en cadea dos servizos de comunicación radiofónicos e os servizos de comunicación audiovisual comunitarios concibidos unicamente sen finalidade comercial.

O título III dedica unha sección aos denominados «novos entrantes tecnolóxicos» ou novas formas de comunicación audiovisual, esencialmente TV en mobilidade, alta definición e interactividade, permitindo a posibilidade de decodificadores únicos que permitan acceder aos servizos interactivos de todas as ofertas.

O título III finaliza cun conxunto de artigos destinados a garantir o pluralismo e a libre competencia no mercado radiofónico e televisivo dada a importancia que teñen estes medios na formación da opinión pública. Recoñécese o dereito a posuír participacións significativas en varios provedores de servizos estatais de comunicación, pero limitase ese dereito se no momento da fusión ou compra de accións se acumula máis do 27% da audiencia. Optouse polo criterio de audiencias á hora de avaliar posicións de dominio no mercado seguindo as solucións recollidas pola máis recente lexislación dos países europeos na materia.

Así mesmo, un só titular non poderá ter participacións significativas en provedores de servizos de comunicación audiovisual que acumulen máis de dous múltiplex –oito canles– e en todo caso deben garantirse un mínimo de tres operadores privados estatais.

O título IV ocúpase integramente da normativa básica do servizo público de radio, televisión e oferta interactiva, respectando o sistema de competencias fixado na Constitución española. En concreto, refírese aos obxectivos xerais que debe buscar este servizo público como son: difundir contidos que fomenten os valores constitucionais, a formación de opinión pública plural, a diversidade lingüística e cultural e a difusión do coñecemento e as artes, así como a atención ás minorías. Os obxectivos deberán ser concretados cada nove anos polos parlamentos ou órganos similares a nivel autonómico e local.

Así mesmo, esta lei supón un aliñamento coas directivas, comunicacións, decisións e recomendacións das institucións europeas sobre os servizos públicos de radiodifusión en relación á compatibilidade do seu financiamento co Tratado Constitutivo da Comunidade Europea no relativo a axudas estatais e á contabilización do custo neto do servizo público así como á posibilidade de crear fondos de reserva; á necesidade de avaliación previa sobre incidencia no mercado audiovisual nacional ante a introdución de novos servizos e,

finalmente, ao control por organismos reguladores independentes do cumprimento da misión de servizo público encomendado.

E é precisamente a creación e regulación da autoridade audiovisual estatal a que ocupa o título V desta lei. O Consello Estatal de Medios Audiovisuais (CEMA) será o órgano regulador e supervisor do sector que exercerá as súas competencias baixo o principio de independencia dos poderes políticos e económicos.

Terá poder sancionador e os seus membros serán elixidos por maioría cualificada de tres quintos do Congreso dos Deputados. Serán as súas funcións principais garantir a transparencia e o pluralismo no sector e a independencia e imparcialidade dos medios públicos así como o cumprimento da súa función de servizo público. Créase, así mesmo, un comité consultivo de apoio que garanta a participación de colectivos e asociacións cidadás. Pecha o articulado o título VI, que se ocupa do réxime sancionador.

Nas disposicións transitorias abórdanse as cuestións relativas á transición de modelos, os servizos de apoio para as persoas con discapacidade, os prazos de reserva para cuestións como a obra europea ou a produción independente. Garántese a continuidade dun catálogo de acontecementos de interese xeral para a sociedade ata a aprobación dun novo marco e defínese o marco transitorio ata a constitución do Consello Estatal de Medios Audiovisuais. Finalmente, na disposición transitoria novena establécense límites ao aproveitamento do dominio público radioeléctrico sobrevido pola mellora tecnolóxica.

A Lei xeral da comunicación audiovisual derroga na súa totalidade doce leis e parcialmente outras seis, e conta con oito disposicións derradeiras.

En definitiva, a Lei xeral da comunicación audiovisual articula a reforma do sector e dota España dunha normativa audiovisual acorde cos tempos, coherente, dinámica, liberalizadora e con garantías de control democrático e respecto e reforzo dos dereitos dos cidadáns, dos fornecedores e do interese xeral.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei regula a comunicación audiovisual de cobertura estatal e establece as normas básicas en materia audiovisual, sen prexuízo das competencias reservadas ás comunidades autónomas e aos entes locais nos seus respectivos ámbitos.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Fornecedor do servizo de comunicación audiovisual.

A persoa física ou xurídica que ten o control efectivo, isto é, a dirección editorial, sobre a selección dos programas e contidos e a súa organización nunha canle ou nun catálogo de programas. O arrendatario dunha licenza de comunicación audiovisual terá a consideración de fornecedor de servizo.

2. Servizos de comunicación audiovisual.

Son servizos de comunicación audiovisual aqueles cuxa responsabilidade editorial corresponde a un fornecedor do servizo e cuxa principal finalidade é proporcionar, a través de redes de comunicacións electrónicas, programas e contidos con obxecto de informar, entreter ou educar o público en xeral, así como emitir comunicacións comerciais.

Son modalidades do servizo de comunicación audiovisual:

a) O servizo de comunicación audiovisual televisiva, que se presta para o visionado simultáneo de programas sobre a base dun horario de programación.

b) O servizo de comunicación audiovisual televisiva a pedimento, que se presta para o visionado de programas e contidos no momento elixido polo espectador e ao seu propio

pedimento sobre a base dun catálogo de programas seleccionado polo fornecedor do servizo de comunicación.

c) O servizo de comunicación audiovisual televisiva en mobilidade ou «televisión en mobilidade», que se presta para o visionado de programas e contidos nun dispositivo móbil.

d) O servizo de comunicación audiovisual radiofónica, que se presta para a audición simultánea de programas e contidos sobre a base dun horario de programación.

e) Os servizos de comunicación audiovisual radiofónica a pedimento, que se prestan para a audición de programas e contidos no momento elixido polo oínte e ao seu propio pedimento sobre a base dun catálogo de programas seleccionado polo fornecedor do servizo de comunicación.

f) O servizo de comunicación audiovisual radiofónica en mobilidade ou «radio en mobilidade», que se presta para a audición de programas e contidos nun dispositivo móbil.

3. Servizo de comunicación audiovisual de cobertura estatal.

Considérase servizo de comunicación audiovisual de cobertura estatal:

a) O servizo público de comunicación audiovisual cuxa reserva para a xestión directa fose acordada polo Estado.

b) O servizo de comunicación audiovisual cuxa licenza fose outorgada polo Estado.

c) O servizo de comunicación audiovisual que se presta para o público de máis dunha comunidade autónoma.

Non obstante, non será considerado de cobertura estatal nos supostos de desbordamentos naturais do sinal na emisión para o territorio no cal se habilitou a prestación do servizo.

4. Servizos de comunicación audiovisual en aberto ou codificado.

O servizo de comunicación audiovisual en aberto é aquel cuxa recepción é libre.

O servizo de comunicación audiovisual codificado é aquel cuxa recepción debe ser autorizada polo fornecedor.

5. Servizo de comunicación audiovisual de pagamento.

Son servizos mediante pagamento ou de pagamento aqueles servizos de comunicación audiovisual e servizos conexos que son realizados polo fornecedor do servizo de comunicación audiovisual a cambio de contraprestación do consumidor. Esa contraprestación pódese realizar, entre outras, na forma de subscripción, prepagamento ou pagamento por visión directa, xa sexa para visionar ou escoitar canles, programas ou paquetes de programas.

6. Programas audiovisuais.

a) Programa de televisión: conxunto de imaxes en movemento, con ou sen son, que constitúe un elemento unitario dentro do horario de programación dunha canle ou dun catálogo de programas. En todo caso, son programas de televisión: as longametraxes, as manifestacións deportivas, as series, os documentais, os programas infantís e as obras de teatro orixinais, así como as retransmisións en directo de eventos, culturais ou de calquera outro tipo.

b) Programa de radio: conxunto de contidos sonoros que forma un elemento unitario dentro do horario de programación dunha canle ou un catálogo de programas.

7. Canle múltiple ou múltiplex.

Sinal composto para transmitir unha canle ou frecuencia radioelétrica e que, ao utilizar a tecnoloxía dixital, permite a incorporación dos sinais correspondentes a varias canles de televisión e radio e dos sinais correspondentes a varios servizos asociados e a servizos de comunicacións electrónicas.

8. Canle.

Conxunto de programas de televisión ou de radio organizados dentro dun horario de programación que non pode ser alterado polo público.

9. Canle de televenda.

Canle de radio ou televisión que emite exclusivamente contidos de venda directa organizados en programas cunha duración mínima ininterrompida de 15 minutos.

10. Cadea radiofónica.

Conxunto de emisións simultáneas de radio organizadas dentro dun horario de programación que non pode ser alterado polo público.

11. Catálogo de programas.

Conxunto de programas postos á disposición do público, que elixe o programa e o momento da súa visión ou a súa audición.

12. Obras europeas.

Considéranse obras europeas:

a) As obras orixinarias dos Estados membros; e as obras orixinarias de Estados terceiros europeos que sexan parte do Convenio europeo sobre a televisión transfronteiriza do Consello de Europa, sempre que as obras dos Estados membros non estean sometidas a medidas discriminatorias no país terceiro de que se trate.

Considérase obra orixinaria a realizada esencialmente coa participación de autores e traballadores que residan nun ou varios Estados dos mencionados no parágrafo anterior, sempre que, ademais, cumpra unha das tres condicións seguintes: que as obras sexan realizadas por un ou máis produtores establecidos nun ou varios dos ditos Estados; que a produción das obras sexa supervisada e efectivamente controlada por un ou varios produtores establecidos nun ou varios dos ditos Estados; que a contribución dos coprodutores dos ditos Estados sexa maioritaria no custo total da coprodución, e esta non sexa controlada por un ou varios produtores establecidos fóra dos ditos Estados.

b) As obras coproducidas no marco de acordos relativos ao sector audiovisual concertados entre a Unión Europea e países terceiros que satisfagan as condicións fixadas neles, sempre que as obras dos Estados membros non estean sometidas a medidas discriminatorias no país terceiro de que se trate.

c) As obras que non sexan europeas conforme a alínea a), pero que se producen no marco de tratados de coprodución bilaterais celebrados entre os Estados membros e países terceiros, sempre que a contribución dos coprodutores comunitarios no custo total da produción sexa maioritaria e que a dita produción non estea controlada por un ou varios produtores establecidos fóra do territorio dos Estados membros.

13. Responsabilidade editorial.

Enténdese por responsabilidade editorial o exercicio de control efectivo tanto sobre a selección dos programas como sobre a súa organización, xa sexa nun horario de programación cronolóxico ou nun catálogo dos servizos de comunicación audiovisual. A responsabilidade editorial non implica necesariamente unha responsabilidade legal de acordo coa lexislación nacional polos contidos ou os servizos prestados.

14. Servizos conexos e interactivos.

Son os contidos ou servizos, asociados ou non aos programas audiovisuais, que son incorporados polos provedores de servizos de comunicación audiovisual ou polos operadores de comunicacións electrónicas aos que a cidadanía pode acceder a través de distintos procedementos vinculados ou non coa canle de difusión.

Este acceso pode estar ou non vinculado a unha canle de retorno, segundo o grao de interactividade do servizo que se preste.

Cando non exista esta canle de retorno, a interactividade consistirá na transmisión continua e sucesiva de datos aos que o cidadán accederá libremente ou coa autorización previa do fornecedor. A información será almacenada nun receptor e renovarase coa periodicidade que estableza o fornecedor do servizo.

Cando exista canle de retorno, o usuario interactuará co fornecedor do servizo, posibilitando o acceso a contidos adicionais vinculados ou non aos programas audiovisuais e a navegación por eles así como o envío de respostas, incluído o envío de datos que permitan realizar transaccións económicas por parte dos usuarios así como a comunicación entre distintos usuarios.

15. Fornecedor dun servizo de comunicación electrónica que difunde canles de televisión.

A persoa física ou xurídica fornecedora do servizo de comunicación electrónica que ofrezca, conxuntamente cun servizo de acceso a comunicacións electrónicas, unha oferta de canles de televisión que nos seus contidos inclúan películas cinematográficas, películas para televisión ou series para televisión, ofrecidas nun paquete seleccionado polo fornecedor de comunicación electrónica.

16. Fornecedor dun servizo de catálogo de programas.

A persoa física ou xurídica recoñecida como fornecedor de servizo de comunicación audiovisual na modalidade de «comunicación audiovisual a pedimento» que, directa ou indirectamente, ofrece baixo demanda de clientes retallistas o visionado de películas cinematográficas, películas para televisión e series para televisión nun reprodutor fixo, portátil ou móbil con acceso a redes de IP.

17. Películas cinematográficas de longametraxe.

A película cinematográfica que teña unha duración de sesenta minutos ou superior, así como a que, cunha duración superior a corenta e cinco minutos, sexa producida en soporte de formato 70 mm, cun mínimo de 8 perforacións por imaxe.

18. Películas cinematográficas de curtametraxe.

A película cinematográfica que teña unha duración inferior a sesenta minutos, excepto as de formato de 70 mm a que se alude no número anterior.

19. Película para televisión.

A obra audiovisual unitaria de ficción, con características creativas similares ás das películas cinematográficas, cuxa duración sexa superior a 60 minutos e inferior a 200 minutos, teña desenlace final e coa singularidade de que a súa explotación comercial estea destinada á súa emisión ou radiodifusión por operadores de televisión e non inclúa, en primeiro termo, a exhibición en salas de cine. Cando sexa oportuno en razón da súa duración, poderá ser obxecto de emisión dividida en dúas partes.

20. Miniseries de televisión.

Aquelas películas para televisión que, por razón da súa duración, poidan ser obxecto de emisión dividida en dúas partes e que, cando teña lugar a súa emisión nestas condicións, a duración conxunta destas películas non supere os 200 minutos.

21. Series de televisión.

A obra audiovisual formada por un conxunto de episodios de ficción, animación ou documental, con ou sen título xenérico común, destinada a ser emitida ou radiodifundida

por operadores de televisión de forma sucesiva e continuada, podendo cada episodio corresponder a unha unidade narrativa ou ter continuación no episodio seguinte.

22. Produtor independente.

O produtor é a persoa física ou xurídica que asume a iniciativa, a coordinación e o risco económico da produción de contidos audiovisuais. O produtor independente é a persoa física ou xurídica que produce eses contidos, por iniciativa propia ou por encargo, e a cambio de contraprestación os pon á disposición dun fornecedor de servizo de comunicación audiovisual co que non está vinculado de forma estable nunha estratexia empresarial común.

Presúmese que están vinculados de forma estable cando son parte do mesmo grupo de sociedades conforme ao artigo 42 do Código de comercio, ou cando existen acordos estables de exclusividade que limitan a autonomía das partes para contratar con terceiros.

23. Produtor de obras audiovisuais para televisión.

Persoa natural ou xurídica que ten a iniciativa e asume a responsabilidade da creación dunha obra audiovisual que non estea destinada a ser exhibida en salas cinematográficas, incluíndo as retransmisións en vivo de acontecementos que, na súa orixe, sexan producidas con técnicas de televisión e sexan susceptibles de exhibición en salas cinematográficas.

24. Comunicación comercial audiovisual.

As imaxes ou sons destinados a promocionar, de maneira directa ou indirecta, os bens, servizos ou imaxe dunha persoa física ou xurídica dedicada a unha actividade económica. Estas imaxes ou sons acompañan un programa ou inclúense nel a cambio dunha contraprestación a favor do fornecedor do servizo.

En todo caso, son formas de comunicación comercial audiovisual: a mensaxe publicitaria televisiva ou radiofónica, o patrocinio, a televenda e a colocación de produto.

25. Mensaxe publicitaria.

Toda forma de mensaxe dunha empresa pública ou privada ou dunha persoa física en relación coa súa actividade comercial, industrial, artesanal ou profesional, con obxecto de promocionar a subministración de bens ou prestación de servizos, incluídos bens inmobles, dereitos e obrigacións.

26. Televenda.

A comunicación audiovisual televisiva de ofertas directas ao público orientada á subministración de bens ou a prestación de servizos, incluídos os bens inmobles, os dereitos e as obrigacións.

27. Telepromoción.

A comunicación comercial audiovisual na que o presentador ou calquera dos protagonistas do programa, utilizando o escenario, a ambientación e o atrezzo do programa, expoñen por un tempo claramente superior á duración dunha mensaxe publicitaria as características dun ben ou servizo, de maneira que a mensaxe non pode ser emitida de maneira independente ao programa correspondente.

28. Autopromoción.

A comunicación audiovisual que informa sobre a programación do fornecedor do servizo, sobre programas ou paquetes de programación determinados ou sobre os produtos accesorios derivados directamente deles.

29. Patrocinio.

Calquera contribución que unha empresa pública ou privada ou unha persoa física non vinculada á prestación de servizos de comunicación audiovisual nin á produción de obras audiovisuais faga ao financiamento de servizos de comunicación audiovisual ou programas, coa finalidade de promocionar o seu nome, marca, imaxe, actividades ou produtos.

30. Patrocinio cultural.

Calquera contribución dunha institución, empresa ou fundación á produción de obras audiovisuais, programas de radio e televisión e/ou contidos dixitais de temática cultural, social ou de promoción do deporte, coa finalidade de promocionar a súa actividade, marca e/ou imaxe ou como expresión da súa responsabilidade social corporativa.

31. Colocación de produto.

Toda forma de comunicación comercial audiovisual consistente en incluír, mostrar ou referirse a un produto, servizo ou marca comercial de maneira que figure nun programa.

32. Comunicación comercial audiovisual televisiva encuberta.

A presentación verbal ou visual, directa ou indirecta, dos bens, servizos, nome, marca ou actividades dun produtor de mercadorías ou un fornecedor de servizos en programas de televisión, distinta da colocación do produto, en que tal presentación teña, de maneira intencionada por parte do fornecedor do servizo de comunicación audiovisual, un propósito publicitario e poida inducir o público a erro en canto á natureza da dita presentación. Esta presentación considerarase intencionada, en particular, se se fai a cambio de contraprestación a favor do fornecedor de servizo.

33. Publicidade subliminar.

É publicidade subliminar a que, mediante técnicas de produción de estímulos de intensidades fronteirizas cos limiares dos sentidos ou análogas, poida actuar sobre o público destinatario sen ser conscientemente percibida.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Os servizos de comunicación audiovisual están suxeitos ao disposto nesta lei sempre que o fornecedor do servizo de comunicación audiovisual estea establecido en España.

Considérase que un fornecedor de servizos de comunicación audiovisual está establecido en España nos seguintes supostos:

a) Cando o fornecedor de servizos de comunicación audiovisual ten a súa sede central en España e as decisións editoriais sobre o servizo de comunicación audiovisual se toman en España.

b) Cando o fornecedor de servizos de comunicación audiovisual ten a súa sede central en España pero as decisións editoriais sobre o servizo de comunicación audiovisual se toman noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, considérase que o fornecedor está establecido en España cando traballe unha parte significativa do persoal que realiza as actividades dos servizos de comunicación audiovisual.

No caso de que unha parte significativa do persoal que realiza as actividades de servizos de comunicación audiovisual traballe en España e no outro Estado membro, considerarase que o fornecedor do servizo de comunicación audiovisual está establecido en España cando teña a súa sede central en España.

No caso de que unha parte significativa do persoal que realiza as actividades de servizos de comunicación audiovisual non traballe nin en España nin en ningún Estado membro, considerarase que o fornecedor do servizo de comunicación audiovisual está

establecido en España se iniciou por primeira vez a súa actividade en España, sempre e cando manteña un vínculo estable e efectivo coa economía de España.

c) Cando o fornecedor de servizos de comunicación audiovisual ten a súa sede central en España, pero as decisións editoriais sobre o servizo de comunicación audiovisual se toman nun país terceiro, ou viceversa, considerarase que está establecido en España sempre que unha parte significativa do persoal que realiza as actividades de comunicación audiovisual traballe en España.

Considérase que un fornecedor de servizos de comunicación audiovisual ao que non se lle aplique o establecido no parágrafo anterior está sometido á xurisdición de España nos seguintes casos:

a) se o fornecedor de servizos de comunicación audiovisual utiliza un enlace ascendente cun satélite situado en España,

b) se, aínda que non use un enlace ascendente cun satélite situado nun Estado membro, utiliza unha capacidade de satélite pertencente a España.

2. Están excluídos do ámbito de aplicación desta lei, sen prexuízo das obrigacións que lles correspondan de acordo con esta lei:

a) As redes e servizos de comunicacións electrónicas utilizados para o transporte e difusión do sinal dos servizos de comunicación audiovisual, os seus recursos asociados e os equipamentos técnicos necesarios para a recepción da comunicación audiovisual. O seu réxime é o propio das telecomunicacións.

b) As persoas físicas ou xurídicas que unicamente difundan ou transporten o sinal de programas audiovisuais cuxa responsabilidade editorial corresponde a terceiros.

c) As comunicacións audiovisuais sen carácter económico, a excepción dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro do artigo 32 desta lei, así como os servizos que non constitúan medios de comunicación en masa, é dicir, que non estean destinados a unha parte significativa do público e non teñan un claro impacto sobre el, e en xeral calquera actividade que non compita pola mesma audiencia que as emisións de radiodifusión televisiva. En particular, están excluídos do alcance da lei os sitios web de titularidade privada e os que teñan por obxecto contido audiovisual xerado por usuarios privados.

TÍTULO II

Normativa básica para a comunicación audiovisual

CAPÍTULO I

Os dereitos do público

Artigo 4. *O dereito a recibir unha comunicación audiovisual plural.*

1. Todas as persoas teñen o dereito a que a comunicación audiovisual se preste a través dunha pluralidade de medios, tanto públicos, comerciais como comunitarios que reflectan o pluralismo ideolóxico, político e cultural da sociedade. Ademais, todas as persoas teñen o dereito a que a comunicación audiovisual se preste a través dunha diversidade de fontes e de contidos e á existencia de diferentes ámbitos de cobertura, acordos coa organización territorial do Estado. Esta prestación plural debe asegurar unha comunicación audiovisual cuxa programación inclúa distintos xéneros e atenda os diversos intereses da sociedade, especialmente cando se realice a través de fornecedores de titularidade pública.

Reglamentariamente determinaranse os requisitos e condicións en que deberán prestarse os servizos audiovisuais de pagamento.

2. A comunicación audiovisual nunca poderá incitar ao odio ou á discriminación por razón de xénero ou calquera circunstancia persoal ou social e debe ser respectuosa coa

dignidade humana e os valores constitucionais, con especial atención á erradicación de condutas que favorezan situacións de desigualdade das mulleres.

3. Os operadores de servizos de comunicación audiovisual promoverán o coñecemento e a difusión das linguas oficiais no Estado e das súas expresións culturais. Neste sentido, os operadores de titularidade pública contribuirán á promoción da industria cultural, en especial, á de creacións audiovisuais vinculadas ás distintas linguas e culturas existentes no Estado.

4. A comunicación audiovisual debe respectar o honor, a intimidade e a propia imaxe das persoas e garantir os dereitos de rectificación e réplica. Todo isto nos termos previstos pola normativa vixente.

5. Todas as persoas teñen o dereito a que a comunicación informativa se elabore de acordo co deber de dilixencia na comprobación da veracidade da información e a que sexa respectuosa co pluralismo político, social e cultural.

6. Todas as persoas teñen o dereito a ser informadas dos acontecementos de interese xeral e a recibir de forma claramente diferenciada a información da opinión.

Artigo 5. *O dereito á diversidade cultural e lingüística.*

1. Todas as persoas teñen o dereito a que a comunicación audiovisual inclúa unha programación en aberto que reflicta a diversidade cultural e lingüística da cidadanía.

As comunidades autónomas con lingua propia poderán aprobar normas adicionais para os servizos de comunicación audiovisual do seu ámbito competencial co fin de promoveren a produción audiovisual na súa lingua propia.

2. Para a efectividade deste dereito, os provedores do servizo de comunicación televisiva de cobertura estatal ou autonómica deben reservar para obras europeas o 51% do tempo de emisión anual de cada canle ou conxunto de canles dun mesmo provedor con exclusión do tempo dedicado a informacións, manifestacións deportivas, xogos, publicidade, servizos de teletexto e televenda. Pola súa vez, o 50% desa cota queda reservado para obras europeas en calquera das linguas españolas. En todo caso, o 10% do total de emisión estará reservado a produtores independentes do provedor de servizo e a metade dese 10% debe ter sido producida nos últimos cinco anos.

Os provedores dun catálogo de programas deben reservar a obras europeas o 30% do catálogo. Desa reserva, a metade serao nalgunha das linguas oficiais de España.

3. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual televisiva de cobertura estatal ou autonómica deberán contribuír anualmente ao financiamento anticipado da produción europea de películas cinematográficas, películas e series para televisión, así como documentais e películas e series de animación, co 5 por 100 dos ingresos xerados no exercicio anterior conforme a súa conta de explotación, correspondentes ás canles en que emiten estes produtos audiovisuais cunha antigüidade menor a sete anos desde a súa data de produción. Para os provedores de servizos de comunicación audiovisual de titularidade pública de cobertura estatal ou autonómica esta obrigaçión será do 6 por 100.

O financiamento das mencionadas obras audiovisuais poderá consistir na participación directa na súa produción ou na adquisición dos dereitos de explotación delas.

Como mínimo, o 60 por 100 desta obrigaçión de financiamento, e o 75 por 100 no caso dos provedores de servizos de comunicación audiovisual de titularidade pública, deberá dedicarse a películas cinematográficas de calquera xénero.

Deste importe, cando menos o 50 por 100 deberá aplicarse no conxunto do cómputo anual a obras de produtores independentes. Nas coproducións non se contabilizará para estes efectos a achega do produtor independente.

Así mesmo, os provedores de servizos de comunicación audiovisual deberán dedicar, como mínimo, un 40 por 100, e o 25 por 100 no caso dos provedores de servizos de comunicación audiovisual de titularidade pública, do total da súa respectiva obrigaçión de financiamento a películas, series ou miniseries para televisión. Dentro destas porcentaxes, os provedores de servizos de comunicación audiovisual de titularidade pública deberán dedicar un mínimo do 50% a películas ou miniseries para televisión.

Os provedores de servizos de comunicación audiovisual cuxa obrigaón de investimento veña derivada da emisin, en exclusiva ou nunha porcentaxe superior ao 70% do seu tempo total de emisin anual, dun único tipo de contidos, sendo estes películas cinematográficas, series de televisión, producións de animación ou documentais, poderán materializala investindo unicamente neste tipo de contidos sempre que se materialicen en soporte fotoquímico ou en soporte dixital de alta definición.

En todo caso, o 60 por 100 do financiamento conxunto previsto neste artigo destinarase á produción nalgunha das linguas oficiais de España.

Non se poderá computar para os efectos deste artigo o investimento ou a compra de dereitos de películas que sexan susceptibles de recibir a cualificación X de conformidade coa Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

Tamén están sometidos á obrigaón de financiamento establecida neste artigo os provedores do servizo de comunicación electrónica que difundan canles de televisión e os provedores de servizos de catálogos de programas.

Quedan excluídas desta obrigaón as televisións locais que non formen parte dunha rede nacional.

O control e seguimento das obrigaóns contidas neste punto corresponderá ao Consello Estatal de Medios Audiovisuais, contando co ditame previo preceptivo do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, e sen prexuízo das súas competencias no ámbito da industria cinematográfica. Regulamentariamente estableceranse o procedemento, os mecanismos de cómputo e a información que poderá obterse dos operadores. Isto non obstante, para as emisións de cobertura limitada ao ámbito dunha comunidade autónoma, o dito control e seguimento corresponderá ao órgano audiovisual autonómico competente.

Por acordo entre un ou varios provedores de servizos de ámbito estatal ou autonómico suxeitos á obrigaón de financiamento establecida neste artigo e unha ou varias asociacións que agrupen a maioría dos produtores cinematográficos, poderá pactarse a forma de aplicación das obrigaóns de financiamento previstas neste artigo, respectando as proporcións establecidas nela.

Previamente á sinatura do acordo, as partes pediránlle ao Consello Estatal de Medios Audiovisuais un informe sobre a conformidade daquel co establecido nesta lei, sen prexuízo das funcións que sobre a valoración dos ditos acordos teña a Comisión Nacional da Competencia.

Regulamentariamente estableceranse os procedementos necesarios para garantir a adecuación do acordo ao establecido nesta lei. En todo caso, o réxime establecido no dito acordo rexerá respecto das relacións que se establezan entre o provedor ou provedores do servizo de comunicación audiovisual televisiva asinantes e todos os produtores que actúen no ámbito de aplicación daquel, sen que poida limitarse o seu cumprimento aos produtores membros da asociación ou asociacións que o subscribisen.

Artigo 6. *O dereito a unha comunicación audiovisual transparente.*

1. Todos teñen o dereito a coñecer a identidade do provedor do servizo de comunicación audiovisual, así como as empresas que forman parte do seu grupo e o seu accionariado.

Para tal efecto, considérase que o provedor está identificado cando dispón dun sitio web no que fai constar: o nome do provedor do servizo; o seu enderezo de establecemento; correo electrónico e outros medios para establecer unha comunicación directa e rápida; e o órgano regulador ou supervisor competente.

2. Todos teñen o dereito a coñecer a programación televisiva cunha antelación suficiente, que en ningún caso será inferior a 3 días. No caso da programación televisiva, a programación darase a coñecer, ademais, mediante unha guía electrónica de programas, cuxo contido gratuito básico deberá estar así mesmo dispoñible nun servizo de información de programación na internet mediante un arquivo procesable por máquinas, de formato descargable, cuxa estrutura deberá ser de coñecemento público, e situado nunha páxina web cuxa dispoñibilidade será responsabilidade do provedor do servizo de comunicación

audiovisual. A programación só poderá ser alterada por sucesos alleos á vontade do fornecedor do servizo audiovisual ou por acontecementos sobrevidos de interese informativo ou da programación en directo. O servizo de información da programación na internet deberá dispor de mecanismos de aviso de que a programación sufriu modificacións de última hora.

3. As informacións a que se refire este artigo contidas en páxinas da internet, guías electrónicas de programas e outros medios de comunicación dos fornecedores do servizo de comunicación audiovisual que sirvan para facer efectivo o dereito á transparencia regulado neste artigo, deberán ser accesibles ás persoas con discapacidade.

4. Os poderes públicos e os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual deben contribuír á alfabetización mediática dos cidadáns.

5. Todas as persoas teñen o dereito a que a comunicación comercial estea claramente diferenciada do resto de contidos audiovisuais, nos termos previstos pola normativa vixente.

6. As páxinas da internet, as guías electrónicas de programas e demais canles ou vías de comunicación dos fornecedores do servizo que sirvan para facer efectivo o dereito á transparencia regulado neste artigo, deberán ser accesibles ás persoas con discapacidade.

Artigo 7. *Os dereitos do menor.*

1. Os menores teñen o dereito a que a súa imaxe e voz non sexan utilizadas nos servizos de comunicación audiovisual sen o seu consentimento ou o do seu representante legal, de acordo coa normativa vixente.

En todo caso, está prohibida a difusión do nome, a imaxe ou outros datos que permitan a identificación dos menores no contexto de feitos delituosos ou emisións que discutan a súa tutela ou filiación.

2. Está prohibida a emisión en aberto de contidos audiovisuais que poidan prexudicar seriamente o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores, e en particular, programas que inclúan escenas de pornografía ou violencia gratuíta. O acceso condicional debe posibilitar o control parental.

Aqueloutros contidos que poidan resultar prexudiciais para o desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores só poderán ser emitidos entre as 22 e as 6 horas, e deberán ir sempre precedidos por un aviso acústico e visual, segundo os criterios que fixe a autoridade audiovisual competente. O indicador visual deberase manter durante todo o programa no que se inclúan os ditos contidos.

Así mesmo, establécense tres franxas horarias consideradas de protección reforzada tomando como referencia o horario peninsular: entre as 8 e as 9 horas e entre as 17 e as 20 horas no caso dos días laborables e entre as 9 e as 12 horas sábados, domingos e festas de ámbito estatal. Os contidos cualificados como recomendados para maiores de 13 anos deberán emitirse fóra desas franxas horarias, mantendo durante a emisión do programa que os inclúe o indicativo visual da súa cualificación por idades.

Será de aplicación a franxa de protección horaria de sábados e domingos aos seguintes días: 1 e 6 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 12 de outubro, 1 de novembro e 6, 8 e 25 de decembro.

Todos os fornecedores de servizos de comunicación audiovisual televisiva, incluídos os de a pedimento, utilizarán, para a clasificación por idades dos seus contidos, unha codificación dixital que permita o exercicio do control parental. O sistema de codificación deberá estar homologado pola autoridade audiovisual.

Os programas dedicados a xogos de azar e apostas só poden emitirse entre a unha e as cinco da mañá. Aqueles con contido relacionado co esoterismo e as paraciencias só poderán emitirse entre as 22 e as 7 da mañá. En todo caso, os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual terán responsabilidade subsidiaria sobre as fraudes que se poidan producir a través destes programas.

Quedan exceptuados de tal restrición horaria os sorteos das modalidades e produtos de xogo con finalidade pública.

En horario de protección ao menor, os provedores do servizo de comunicación audiovisual non poderán inserir comunicacións comerciais que promovan o culto ao corpo e o rexeitamento á autoimaxe, tales como produtos adelgazantes, intervencións cirúrxicas ou tratamentos de estética, que apelen ao rexeitamento social pola condición física, ou ao éxito debido a factores de peso ou estética.

3. As comunicacións comerciais non deberán producir prexuízo moral ou físico aos menores. En consecuencia, terán as seguintes limitacións:

- a) Non deben incitar directamente os menores á compra ou arrendamento de produtos ou servizos aproveitando a súa inexperiencia ou credulidade.
- b) Non deben animar directamente os menores a que persuadan os seus pais ou terceiros para que compren bens ou servizos publicitados.
- c) Non deben explotar a especial relación de confianza que os menores depositan nos seus pais, profesores, ou outras persoas.
- d) Non deben mostrar, sen motivos xustificados, menores en situacións perigosas.
- e) Non deben incitar condutas que favorezan a desigualdade entre homes e mulleres.
- f) As comunicacións comerciais sobre produtos especialmente dirixidos a menores, como os xoguetes, non deberán inducir a erro sobre as súas características, nin sobre a súa seguridade, nin tampouco sobre a capacidade e aptitudes necesarias no menor para utilizalos sen producir dano para si ou a terceiros.

4. A autoridade audiovisual competente promoverá entre os provedores do servizo de comunicación audiovisual televisiva o impulso de códigos de conduta en relación coa comunicación comercial audiovisual inadecuada, que acompañe os programas infantís ou se inclúa neles, de alimentos e bebidas que conteñan nutrientes e substancias cun efecto nutricional ou fisiolóxico, en particular aqueles tales como graxas, ácidos transgraxos, sal ou sodio e azucres, para os que non é recomendable unha inxesta excesiva na dieta total.

5. Cando se realice o servizo de comunicación audiovisual mediante un catálogo de programas, os provedores deberán elaborar catálogos separados para aqueles contidos que non deban ser de acceso a menores.

6. Todos os produtos audiovisuais distribuídos a través de servizos de comunicación audiovisual televisiva deben dispor dunha cualificación por idades, de acordo coas instrucións sobre a súa gradación que dite o Consello Estatal de Medios Audiovisuais.

A gradación da cualificación debe ser a homologada polo Código de autorregulación de contidos televisivos e infancia.

Corresponde á autoridade audiovisual competente a vixilancia, control e sanción da adecuada cualificación dos programas por parte dos provedores do servizo de comunicación audiovisual televisiva.

Artigo 8. *Os dereitos das persoas con discapacidade.*

1. As persoas con discapacidade visual ou auditiva teñen o dereito a unha accesibilidade universal á comunicación audiovisual, de acordo coas posibilidades tecnolóxicas.

2. As persoas con discapacidade auditiva teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, subtitule o 75% dos programas e conte, cando menos, con dúas horas á semana de interpretación con lingua de signos.

3. As persoas con discapacidade visual teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, conte, cando menos, con dúas horas audiodescritas á semana.

4. Os poderes públicos e os provedores fomentarán o desfrute pleno da comunicación audiovisual para as persoas con discapacidade e o uso de boas prácticas que evite calquera discriminación ou repercusión negativa cara a esas persoas.

Co obxecto de garantir a calidade do servizo e a satisfacción das persoas destinatarias, os provedores do servizo de comunicación audiovisual deberán aterse, na aplicación das medidas de accesibilidade, ás normas técnicas vixentes en cada momento en relación coa subtítulos, a emisión en lingua de signos e a audio-descrición. Os provedores de servizos de comunicación audiovisual poderán empregar, excepto a Corporación RTVE, o patrocinio para sufragar as medidas de accesibilidade.

5. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual procurarán ofrecer nas súas emisións unha imaxe axustada, normalizada, respectuosa e inclusiva das persoas con discapacidade, en tanto que manifestación enriquecedora da diversidade humana, evitando difundir percepcións estereotipadas, nesgadas ou produto dos prexuízos sociais que puideren subsistir. De igual modo, procurarán que a súa aparición na programación sexa proporcional ao peso e á participación destas persoas no conxunto da sociedade.

Artigo 9. O dereito á participación no control dos contidos audiovisuais.

1. Calquera persoa física ou xurídica pode solicitar á autoridade audiovisual competente o control da adecuación dos contidos audiovisuais ao ordenamento vixente ou aos códigos de autorregulación.

A autoridade, se o considera oportuno, ditará recomendacións para un mellor cumprimento da normativa vixente.

2. Cando a autoridade audiovisual competente aprecie que se emitiu un contido aparentemente ilícito dará audiencia ao provedor do servizo implicado e, de ser o caso, á persoa que solicitou a intervención da autoridade.

A autoridade audiovisual competente poderá alcanzar acordos co provedor de servizos para modificar o contido audiovisual ou, de ser o caso, pór fin á emisión do contido ilícito. O efectivo cumprimento do acordo por parte do provedor porá fin aos procedementos sancionadores que se tivesen iniciado en relación co contido audiovisual obxecto do acordo cando se tratar de feitos que puideren ser constitutivos de infracción leve. A reincidencia por un comportamento análogo nun prazo de noventa días terá a consideración de infracción grave.

3. Cando o contido audiovisual contradiga un código de autorregulación suscrito polo provedor, a autoridade requiriralle a este a adecuación inmediata do contido ás disposicións do código ou a finalización da súa emisión.

4. A autoridade audiovisual competente deberá levar a cabo actuacións destinadas a articular a relación dos provedores do servizo de comunicación audiovisual coas vítimas de acontecementos especialmente graves.

5. As previsións contidas neste artigo enténdense sen prexuízo das especificidades que derivan da normativa en materia de procedemento sancionador ditada polas comunidades autónomas.

CAPÍTULO II

Os dereitos dos provedores do servizo de comunicación audiovisual

Sección 1.^a Liberdade na dirección editorial, o dereito de acceso e o dereito á autorregulación

Artigo 10. A liberdade de prestación do servizo de comunicación audiovisual.

1. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a fixar a dirección editorial mediante a selección dos contidos e a determinación dos horarios.

2. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a organizar os seus contidos a través dunha canle ou dun catálogo de programas.

3. A liberdade de prestación do servizo de comunicación audiovisual exercerase de acordo coas obrigacións que como servizo de interese xeral son inherentes á comunicación audiovisual e ao previsto na normativa en materia audiovisual.

4. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual facilitaranlles o acceso á documentación, instalacións e equipamentos ás autoridades competentes para o cumprimento da normativa vixente.

Artigo 11. *O dereito de acceso aos servizos de comunicación electrónica.*

Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito de acceder aos servizos de comunicación electrónica para a emisión de canles e catálogos de programas coas limitacións derivadas das capacidades técnicas e de acordo, así mesmo, co establecido na normativa sectorial de telecomunicacións e servizos de comunicacións electrónicas. Os termos e condicións de tal acceso serán libremente pactados polas partes.

Artigo 12. *O dereito á autorregulación do provedor do servizo de comunicación audiovisual.*

1. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a aprobar códigos en que se regulen os contidos da comunicación audiovisual e as regras de dilixencia profesional para a súa elaboración.

Os ditos códigos deberán prever mecanismos de resolución de reclamacións e poderán dotarse de instrumentos de autocontrol previo, individual ou colectivo.

2. Cando un provedor aprobe un código por si só, ou ben en colaboración con outros provedores, ou se adhira a un código xa existente, deberá comunicalo tanto ás autoridades audiovisuais competentes como ao organismo de representación e consulta dos consumidores que correspondan en función do ámbito territorial de que se trate. Para os provedores de ámbito estatal, o dito órgano é o Consello de Consumidores e Usuarios. A autoridade audiovisual verificará a conformidade coa normativa vixente e de non haber contradicións disporá a súa publicación.

3. As autoridades audiovisuais deben velar polo cumprimento dos códigos e, entre estes, do Código de autorregulación de contidos televisivos e infancia.

4. Os códigos de autorregulación deberán respectar a normativa sobre defensa da competencia. As funcións da autoridade audiovisual para os efectos do número 2 deste artigo enténdense sen prexuízo das facultades de revisión das autoridades de defensa da competencia a este respecto.

Sección 2.^a O dereito a realizar comunicacións comerciais

Artigo 13. *O dereito a crear canles de comunicación comercial e programas ou anuncios de autopromoción.*

1. Os provedores privados do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a crear canles dedicadas exclusivamente a emitir mensaxes publicitarias e mensaxes de venda por televisión. As mensaxes dos citados programas están sometidas ao réxime xeral disposto nesta sección, excepto no relativo ás limitacións de tempo para as mensaxes publicitarias a que se refire o artigo 14, e na normativa específica sobre publicidade.

A publicidade televisiva e a televenda deberán ser facilmente identificables como tales e distinguirse do contido editorial.

2. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a emitir programas que informen sobre a súa programación ou anuncios dos seus propios programas e os produtos accesorios derivados directamente dos ditos programas.

Estes programas e anuncios non se considerarán comunicación comercial para os efectos desta lei. Non obstante, para a comunicación audiovisual televisiva, o tempo dedicado aos anuncios publicitarios sobre os seus propios programas e produtos non poderá superar os 5 minutos por hora de reloxo e os seus contidos estarán suxeitos ás obrigacións e prohibicións establecidas con carácter xeral para a publicidade comercial.

Artigo 14. *O dereito a emitir mensaxes publicitarias..*

1. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual, xa sexan servizos radiofónicos, televisivos ou conexas e interactivos, teñen o dereito a emitir mensaxes publicitarias.

Os provedores do servizo de comunicación audiovisual televisiva poden exercer este dereito mediante a emisión de 12 minutos de mensaxes publicitarias por hora de reloxo. Os servizos radiofónicos, conexas e interactivos, teñen o dereito a emitir mensaxes publicitarias libremente.

Para o cómputo deses 12 minutos terase só en conta o conxunto das mensaxes publicitarias e a televenta, excluíndose o patrocinio e a colocación. Tamén se excluírá do cómputo a telepromoción cando a mensaxe individual da telepromoción teña unha duración claramente superior á dunha mensaxe publicitaria e o conxunto de telepromocións non supere os 36 minutos ao día, nin os 3 minutos por hora de reloxo.

2. Tanto as mensaxes publicitarias en televisión como a televenta deben estar claramente diferenciadas dos programas mediante mecanismos acústicos e ópticos segundo os criterios xerais establecidos pola autoridade audiovisual competente. O nivel sonoro das mensaxes publicitarias non pode ser superior ao nivel medio do programa anterior.

3. Na emisión de publirreportaxes, telepromocións e, en xeral, daquelas formas de publicidade distintas dos anuncios televisivos que, polas características da súa emisión, poderían confundir o espectador sobre o seu carácter publicitario, deberá superarse, permanentemente e de forma claramente lexible, unha transparencia coa indicación «publicidade».

4. As mensaxes publicitarias en televisión deben respectar a integridade do programa en que se insiren e das unidades que o conforman.

A transmisión de películas para a televisión (con exclusión das series, os seriais e os documentais), longametraxes e programas informativos televisivos poderá ser interrompida unha vez por cada período previsto de trinta minutos. No caso dos programas infantís, a interrupción é posible unha vez por cada período ininterrompido previsto de trinta minutos, se o programa dura máis de trinta minutos.

As retransmisións de acontecementos deportivos por televisión unicamente poderán ser interrompidas por mensaxes de publicidade illadas cando o acontecemento se encontre detido. En tales retransmisións, dispoñan ou non de partes autónomas, poderanse inserir mensaxes publicitarias sempre que permitan seguir o desenvolvemento do acontecemento.

Non se inserirá publicidade televisiva nin televenta durante os servizos relixiosos.

Artigo 15. *O dereito a emitir mensaxes de venda.*

1. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a emitir mensaxes de venda por televisión. A emisión televisiva destas mensaxes deberá realizarse nos termos previstos no artigo anterior e na normativa específica sobre publicidade.

2. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a emitir programas de televenta sempre que teñan unha duración ininterrompida mínima de 15 minutos.

Artigo 16. *O dereito ao patrocinio.*

1. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a que os seus programas sexan patrocinados, excepto os programas de contido informativo de actualidade.

2. O público debe ser claramente informado do patrocinio ao principio, ao recomenzar tras os cortes que se produzan ou ao final do programa mediante o nome, o logotipo, ou calquera outro símbolo, produto ou servizo do patrocinador.

3. O patrocinio non pode condicionar a independencia editorial. Tampouco pode incitar directamente a compra ou arrendamento de bens ou servizos, en particular, mediante referencias de promoción concretas a estes.

Ademais, o patrocinio non pode afectar o contido do programa ou comunicación audiovisual patrocinados nin o seu horario de emisión de maneira que se vexa afectada a responsabilidade do fornecedor do servizo de comunicación audiovisual.

Artigo 17. *O dereito á colocación de produtos.*

1. Os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a emitir con colocación de produtos longametraxes, curtametraxes, documentais, películas e series de televisión, programas deportivos e programas de entretemento.

No resto de programas unicamente se poderá realizar a colocación de produtos a cambio da subministración gratuíta de bens ou servizos, así como as axudas materiais á produción ou os premios, de cara á súa inclusión nun programa.

2. Cando o programa fose producido ou encargado polo fornecedor do servizo ou unha das súas filiais, o público debe ser claramente informado da colocación do produto ao principio e ao final do programa, e cando se retome tras unha pausa publicitaria.

3. A colocación non pode condicionar a independencia editorial. Tampouco pode incitar directamente a compra ou arrendamentos de bens ou servizos, realizar promocións concretas destes ou dar prominencia indebida ao produto.

4. Queda prohibida a colocación de produto na programación infantil.

Artigo 18. *Comunicacións comerciais prohibidas en calquera das súas formas.*

1. Ademais do disposto na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, en relación coa publicidade ilícita, está prohibida toda comunicación comercial que vulnere a dignidade humana ou fomente a discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, nacionalidade, relixión ou crenza, discapacidade, idade ou orientación sexual. Igualmente, está prohibida toda publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio.

2. Está prohibida a comunicación comercial encuberta e a que utilice técnicas subliminares.

3. Está prohibida a comunicación comercial que fomente comportamentos nocivos para a saúde.

En todo caso, está prohibida:

a) A comunicación comercial de cigarros e demais produtos de tabaco, así como das empresas que os producen.

b) A comunicación comercial de medicamentos e produtos sanitarios que contraveña o disposto no artigo 78, números 1 e 5, da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

c) A comunicación comercial televisiva de bebidas alcohólicas cun nivel superior a vinte graos.

d) A comunicación comercial televisiva de bebidas alcohólicas cun nivel inferior a vinte graos cando se emita fóra da franxa de tempo entre as 20.30 horas e as 6 horas do día seguinte, salvo que esta publicidade forme parte indivisible da adquisición de dereitos e da produción do sinal que se vai difundir.

e) A comunicación comercial de bebidas alcohólicas cun nivel inferior a vinte graos cando estea dirixida a menores, fomente o consumo inmoderado ou asocie o consumo á mellora do rendemento físico, o éxito social ou a saúde.

4. Está prohibida a comunicación comercial que fomente comportamentos nocivos para o ambiente.

5. Está prohibida a comunicación comercial que fomente comportamentos nocivos para a seguridade das persoas.

6. Está prohibida a comunicación comercial de natureza política, salvo nos supostos previstos pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

7. A comunicación comercial audiovisual tamén está sometida ás prohibicións previstas no resto de normativa relativa á publicidade.

Sección 3.^a A contratación en exclusiva da emisión por televisión de contidos audiovisuais

Artigo 19. O dereito a contratar a emisión en exclusiva de contidos audiovisuais.

1. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual teñen o dereito a contratar contidos audiovisuais para a súa emisión en aberto ou codificado, reservándose a decisión sobre o horario de emisión, sen prexuízo do establecido na normativa reguladora das competicións deportivas de carácter profesional.

2. O dereito de emisión en exclusiva non se exercerá de tal modo que prive unha parte substancial do público residente noutro Estado membro da posibilidade de seguir acontecementos cualificados de interese xeral para a sociedade.

3. O dereito de emisión en exclusiva non pode limitar o dereito á información dos cidadáns. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual que contratasen en exclusiva a emisión dun acontecemento de interese xeral para a sociedade deben permitir aos restantes provedores a emisión dun breve resumo informativo en condicións razoables, obxectivas e non discriminatorias. Este servizo utilizarase unicamente para programas de información xeral e só poderá utilizarse nos servizos de comunicación audiovisual a pedimento se o mesmo provedor do servizo de comunicación ofrece o mesmo programa en diferido.

Non será exixible contraprestación ningunha cando o resumo informativo sobre un acontecemento, conxunto unitario de acontecementos ou competición deportiva se emita nun informativo, en diferido e cunha duración inferior a tres minutos. A excepción de contraprestación non inclúe, porén, os gastos necesarios para facilitar a elaboración do resumo informativo.

Os provedores do servizo de comunicación audiovisual poden acceder, na zona autorizada, aos espazos en que se celebre tal acontecemento.

4. No suposto de que o organizador do evento non estea establecido en España, a obriga de acceso recaerá sobre o titular dos dereitos exclusivos que asuma a retransmisión en directo.

Artigo 20. A potestade para excluír a emisión codificada de acontecementos de interese xeral para a sociedade.

1. O Consello Estatal de Medios Audiovisuais debe fixar mediante decisión motivada un catálogo con vixencia bienal onde se recollan os acontecementos de interese xeral para a sociedade que deberán emitirse por televisión en aberto e con cobertura estatal.

Ao facelo, determinarase tamén se os acontecementos deben ser transmitidos total ou parcialmente en directo, ou, en caso necesario, por razóns de interese público, total ou parcialmente en diferido.

Os acontecementos de interese xeral para a sociedade que poden incluírse no citado catálogo deberán escollerse do seguinte elenco:

- a) Os xogos olímpicos de inverno e de verán.
- b) Os partidos oficiais da selección española absoluta de fútbol e de baloncesto.
- c) As semifinais e a final da Eurocopa de fútbol e do Mundial de fútbol.
- d) A final da Champions League de fútbol e da Copa do Rei de fútbol.
- e) Un partido por xornada da Liga Profesional de Fútbol da Primeira División, designado por esta cunha antelación mínima de 10 días.
- f) Grandes Premios de automobilismo que se celebren en España.
- g) Grandes Premios de motociclismo que se celebren en España.

- h) Participación da selección española absoluta nos Campionatos de Europa e do Mundo de balonmán.
- i) A Vuelta Ciclista a España.
- j) O Campionato do Mundo de ciclismo.
- k) A participación española na Copa Davis de tenis.
- l) A participación de tenistas españois nas semifinais e a final de Roland Garros.
- m) Participación española nos Campionatos do Mundo e de Europa de atletismo e natación.
- n) Grandes premios ou competicións nacionais e internacionais que se celebren en España e contén con subvención pública estatal ou autonómica.

Excepcionalmente e por maioría de dous terzos, o Consello Estatal de Medios Audiovisuais poderá incluír dentro do catálogo outros acontecementos que considere de interese xeral para a sociedade.

O catálogo e as medidas para a súa execución deberán ser notificados polo Consello Estatal de Medios Audiovisuais á Comisión Europea.

2. Cando un deses acontecementos estea contratado para a súa emisión en exclusiva por un fornecedor do servizo de comunicación audiovisual que emite toda a súa programación codificada, poderá elixir entre emitir en directo e en aberto o acontecemento ou vendelo a outro fornecedor para a súa emisión en aberto e ao prezo fixado mediante poxa entre os fornecedores interesados. No caso de que non reciba ningunha oferta, o fornecedor titular dos dereitos de emisión en exclusiva está obrigado a emitir o acontecemento en aberto, sexa en directo ou en diferido.

3. Cando un deses acontecementos estea contratado para a súa emisión en exclusiva por un fornecedor do servizo de comunicación audiovisual que emite en aberto nun ámbito de cobertura inferior ao estatal, conservará o dereito de emisión en exclusiva para o seu ámbito de cobertura. Non obstante, deberalle vender a un fornecedor de cobertura estatal ou a unha serie de fornecedores que cubran todo o territorio, a emisión en aberto e directo para o resto do territorio estatal, a un prezo fixado mediante poxa entre os interesados. No caso de que non existan ofertas conservará o seu dereito a emitir en exclusiva no seu ámbito de cobertura.

4. Cando un deses acontecementos non estea contratado para a súa comunicación audiovisual televisiva, o titular dos dereitos deberá vender o dereito de emisión en aberto e directo con cobertura estatal a un prezo fixado mediante poxa entre os interesados.

Artigo 21. *Compravenda de dereitos exclusivos das competicións futbolísticas españolas regulares.*

1. O establecemento do sistema de adquisición e explotación dos dereitos audiovisuais das competicións futbolísticas españolas regulares rexerá polo principio de liberdade de empresa dentro do marco do sistema de avaliación establecido pola normativa europea e española da competencia.

Os contratos de adquisición dos dereitos das competicións futbolísticas non poderán exceder os 4 anos. Os contratos vixentes desde a entrada en vigor desta lei permanecerán válidos ata a súa finalización.

2. A venda aos fornecedores do servizo de comunicación audiovisual dos dereitos citados no número anterior deberá realizarse en condicións de transparencia, obxectividade, non-discriminación e respecto ás regras da competencia, nos termos establecidos polos distintos pronunciamentos que, en cada momento, realicen as autoridades españolas e europeas da competencia.

TÍTULO III

Normas básicas para a regulación e coordinación do Mercado de Comunicación Audiovisual

CAPÍTULO I

Réxime xurídico básico da prestación de servizos de comunicación audiovisual nun mercado transparente e plural

Sección 1.^a Os servizos de comunicación audiovisual como servizos de interese xeral

Artigo 22. Réxime xurídico dos servizos de comunicación audiovisual de interese xeral.

1. Os servizos de comunicación audiovisual radiofónicos, televisivos e conexas e interactivos son servizos de interese xeral que se prestan no exercicio do dereito á libre expresión de ideas, do dereito a comunicar e recibir información, do dereito á participación na vida política e social e do dereito á liberdade de empresa e dentro do fomento da igualdade, a pluralidade e os valores democráticos.

2. A prestación do servizo require comunicación fidedigna ante a autoridade audiovisual competente e previa ao inicio da actividade.

3. Cando os ditos servizos se presten mediante ondas hertzianas terrestres necesitarán licenza previa outorgada mediante concurso pola autoridade audiovisual competente.

No ámbito de cobertura estatal a competencia para o outorgamento das licenzas, incluídas as de radiodifusión dixital terrestre e onda media corresponde ao Goberno, sen prexuízo da participación das comunidades autónomas. Para tal efecto, o Goberno establecerá, de acordo coas comunidades autónomas, os mecanismos de colaboración e cooperación que aseguren a participación das comunidades autónomas na planificación de licenzas audiovisuais no ámbito estatal.

Para a prestación do servizo de comunicación televisiva as licenzas de ámbito local poderán dar cobertura a un ou a varios municipios limítrofes e, de ser o caso, a un ámbito insular completo.

O outorgamento dunha licenza de televisión de ámbito local non faculta para a emisión en cadea con outras entidades autorizadas, durante máis do 25% do tempo total semanal, aínda que sexa en horario diferente. En ningún caso esta porcentaxe pode concentrarse no horario de 21 a 24 horas.

Non se considerará emisión en cadea a emisión de programas que fosen coproducidos ou producidos de forma sindicada polos provedores do servizo de comunicación televisiva de ámbito local. A porcentaxe de sindicación mínima para a aplicación deste suposto será do 12% do total do proxecto.

4. O dereito de emisión en cadea previsto neste artigo enténdese sen prexuízo da plena competencia das comunidades autónomas con relación aos provedores que obtivesen licenzas nos seus respectivos ámbitos territoriais.

5. Recoñécese o dereito dos provedores do servizo de comunicación radiofónica a emitir parte da súa programación en cadea, cando un mesmo provedor obtivese licenzas en diversos ámbitos territoriais ou acadase acordos con outros titulares de licenzas nunha ou varias comunidades autónomas, sen prexuízo das obrigacións legais ou concesionais a que poidan estar suxeitos nas diversas comunidades autónomas.

Artigo 23. A comunicación previa.

1. O procedemento regulador de comunicación previa será o que fixe o Goberno e as comunidades autónomas no marco do seu respectivo ámbito competencial.

2. A comunicación previa non producirá ningún efecto nos seguintes casos:

a) Cando sexa realizada por quen, tendo efectuado xa unha comunicación previa, ou obtido unha licenza previa para calquera ámbito de cobertura, fose sancionado coa

privación dos seus efectos ou coa súa revogación nos dous anos anteriores mediante resolución administrativa firme.

b) Cando sexa efectuada por aqueles que, tendo prestado servizos audiovisuais noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, visen prohibidas as súas actividades durante os dous últimos anos por atentaren contra os principios e valores do Convenio Europeo de Dereitos Humanos ou o disposto na normativa europea en materia de protección de menores.

3. Cando o servizo audiovisual prestado sexa de pagamento, o sistema de codificación deberá estar homologado pola autoridade audiovisual.

Artigo 24. *Réxime xurídico das licenzas audiovisuais.*

1. A licenza deberá concretar o ámbito de cobertura territorial da emisión, o número de canles, o múltiplex asignado e se este será en aberto ou en acceso condicional mediante pagamento.

Os sistemas e servizos de acceso condicional empregados para acceder ao servizo de televisión dixital terrestre na modalidade de pagamento mediante acceso condicional deberán ser abertos, sendo de aplicación o establecido no artigo 24 do Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración, aprobado polo Real decreto 2296/2004, do 10 de decembro.

2. A adxudicación de licenza leva implícita a concesión de uso privativo do dominio público radioeléctrico de conformidade coa planificación establecida polo Estado. As melloras tecnolóxicas que permitan un maior aproveitamento do dominio público para a comunicación audiovisual non habilitarán para exceder as condicións establecidas na licenza, e en particular para desfrutar dun maior número de canles de pagamento ou en aberto cuxa emisión se tiver habilitado.

3. Será posible explotar canles con contidos total ou parcialmente de pagamento sempre que a ocupación de espectro radioeléctrico sexa inferior ou igual ao 50% do conxunto do espectro asignado. En todo caso, o sistema de codificación deberá estar homologado pola autoridade audiovisual. O dito sistema de homologación deberá ser regrado, claro, inequívoco, imparcial, transparente e proporcionado.

4. Se, ao abeiro do artigo 22 desta lei, un ou máis titulares de licenzas para a prestación dun servizo de comunicación audiovisual radiofónica de ámbito estatal decidiren emitir en cadea deberano comunicar á autoridade audiovisual e inscribir a dita decisión no Rexistro Estatal de Fornecedores do Servizo de Comunicación Audiovisual, sen prexuízo do establecido no artigo 22.3.

Artigo 25. *Requisitos para ser titular dunha licenza de comunicación audiovisual.*

Para ser titular dunha licenza será necesario cumprir os seguintes requisitos:

1. No caso de persoas físicas, ter a nacionalidade dun Estado membro do Espazo Económico Europeo ou a de calquera Estado que, de acordo coa súa normativa interna, recoñeza este dereito aos cidadáns españois.

2. No caso de persoas xurídicas, ter establecido o seu domicilio social nun Estado membro do Espazo Económico Europeo ou en calquera Estado que, de acordo coa súa normativa interna, recoñeza este dereito ás empresas españolas.

3. O titular debe ter un representante domiciliado en España para efectos de notificacións.

4. No caso de persoas xurídicas, a participación no seu capital social de persoas físicas ou xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo deberá cumprir o principio de reciprocidade.

Ademais, a participación individual dunha persoa física ou xurídica nacional de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo non poderá superar directa ou indirectamente o 25% do capital social. Así mesmo, o total das participacións nunha

mesma persoa xurídica de diversas persoas físicas ou xurídicas de nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo deberá ser inferior ao 50% do capital social.

Artigo 26. Limitacións por razóns de orde pública audiovisual.

1. En ningún caso poderán ser titulares dunha licenza as persoas físicas ou xurídicas que se encontren nalgunha das circunstancias seguintes:

a) Aquelas que, tendo sido titulares dunha licenza ou efectuado unha comunicación previa para calquera ámbito de cobertura, fosen sancionadas coa súa revogación ou coa privación dos seus efectos nos dous últimos anos anteriores á solicitude mediante resolución administrativa firme.

b) Aquelas sociedades en cuxo capital social teñan unha participación significativa ou, de ser o caso, de control, directo ou indirecto, persoas que se encontren na situación anterior.

c) Aquelas que, tendo prestado servizos audiovisuais noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, visen prohibidas as súas actividades durante os dous últimos anos por atentaren contra os principios e valores do Convenio Europeo de Dereitos Humanos ou o disposto en materia de protección de menores na normativa europea e española.

d) Aquelas persoas incursoas nalgunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

2. Non producirá ningún efecto a comunicación previa para a prestación dun servizo de comunicación audiovisual que fose presentada por unha persoa física ou xurídica que se encontre nalgunha das circunstancias expresadas no número 1.

Artigo 27. Concursos para a concesión de licenzas de prestación de servizos audiovisuais.

1. Os concursos de outorgamento de licenzas para a prestación de servizos audiovisuais rexeranse pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, no non disposto pola presente lei, así como, nos seus respectivos ámbitos de competencias, polo previsto na lexislación autonómica de desenvolvemento.

2. Todas as licenzas dispoñibles da mesma natureza e idéntico ámbito de cobertura deberán ofrecerse de forma simultánea, e coa confirmación previa de existencia de espazo radioeléctrico suficiente. Non obstante, no marco do disposto, de ser o caso, polo Plan técnico nacional de oferta de licenzas, por desenvolver regulamentariamente, cando quedase liberada unha única licenza, a Administración competente deberá proceder a convocar o concurso para a súa adxudicación nun prazo máximo de tres meses sen esperar a que queden liberados máis títulos habilitantes.

3. Na convocatoria do concurso especificaranse para cada licenza as condicións de prestación do servizo. O acto de outorgamento da licenza precisará con toda exactitude as condicións que teñen o carácter de esenciais.

4. Transcorridos como máximo seis meses desde que se planifícase unha reserva de dominio público radioeléctrico sen que a Administración competente solicitase a súa afectación ao servizo público de difusión de radio e televisión, ou determinase a súa destinación ao servizo de comunicación de interese xeral, calquera interesado poderá propor convocar o correspondente concurso.

Transcorridos doce meses desde que se planifícase unha reserva de dominio público radioeléctrico sen que a Administración competente solicitase a súa afectación ao servizo público de difusión de radio e televisión, ou convocase o correspondente concurso, e sen que ningún interesado instase a dita convocatoria, a citada reserva decaerá e será excluída automaticamente da planificación radioeléctrica.

5. O órgano competente deberá convocar, nun prazo máximo de tres meses despois do vencemento da licenza, o correspondente concurso para a adxudicación das licenzas

de idéntica natureza que, de ser o caso, quedasen vacantes. Transcorrido o dito prazo, calquera interesado estará lexitimado para instar a convocatoria, que deberá producirse antes do prazo que estableza a normativa de aplicación desde a presentación da solicitude.

Artigo 28. Duración e renovación das licenzas audiovisuais.

1. As licenzas audiovisuais serán outorgadas por un prazo de quince anos.
2. As sucesivas renovacións das licenzas serán automáticas, e polo mesmo prazo estipulado inicialmente para o seu desfrute, sempre que:

a) Se satisfagan as mesmas condicións exixidas que para ser titular dela e se cumprisen as establecidas para a prestación do servizo.

b) Non existan obstáculos técnicos sobrevidos e insalvables en relación co espectro das licenzas afectadas.

c) O titular do servizo se encontre ao día no pagamento das taxas pola reserva do dominio público radioeléctrico, e das previstas nesta lei.

3. Excepcionalmente, a renovación automática da licenza prevista no número anterior non terá lugar e deberá procederse á súa adxudicación en réxime de libre concorrència no caso de que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que o espectro radioeléctrico estea esgotado.
- b) Que exista un terceiro ou terceiros que pretendan a concesión da licenza.
- c) Que o solicitasen cun prazo de antelación de, cando menos, 24 meses respecto da data de vencemento.
- d) Que o solicitante ou os solicitantes cumpran os mesmos requisitos que foron tidos en conta para a obtención da licenza por parte do adxudicatario ou adxudicatarios.

O concurso para a adxudicación da licenza en réxime de concorrència deberá ser resolto no prazo máximo de seis meses, e nas bases da convocatoria deberase incluír a experiencia dos concorrentes, a súa solvencia e os medios con que conten para a explotación da licenza, como criterios que deberán ser tidos en conta na adxudicación.

Artigo 29. Negocios xurídicos sobre licenzas de comunicación audiovisual.

1. A celebración de negocios xurídicos cuxo obxecto sexa unha licenza de comunicación audiovisual requirirá autorización previa da autoridade audiovisual competente e estarán suxeitos, en todo caso, ao pagamento dunha taxa que será determinada polo Goberno, para as licenzas de ámbito estatal, ou polas comunidades autónomas, para o resto dos supostos. Esta autorización só poderá ser denegada cando o solicitante non acredite o cumprimento de todas as condicións legalmente establecidas para a súa obtención ou non se subroga nas obrigacións do anterior titular.

2. A transmisión e arrendamento estarán suxeitos, ademais, ás seguintes condicións:

a) Para a celebración de ambos os negocios xurídicos deberán ter transcorrido, cando menos, dous anos desde a adxudicación inicial da licenza.

b) Cando se leven a cabo con persoas físicas ou xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo estarán sometidos ao principio de reciprocidade e devengarán o pagamento da taxa establecida legalmente. En atención ao disposto nos tratados e convenios internacionais dos que España sexa parte, e precedendo informe da autoridade audiovisual competente, o Consello de Ministros ou o órgano competente da comunidade autónoma poderán autorizar excepcionalmente e por razóns de interese xeral unha operación cando o dito principio non sexa satisfeito.

c) Cando a licenza comporte a adxudicación dun múltiplex completo ou de dúas ou máis canles, non se poderá arrendar máis do 50 por 100 da capacidade da licenza. O arrendamento deberá respectar as previsións do artigo 24.3 referidas á ocupación do

espectro radioeléctrico do múltiplex e á explotación de canles con contidos total ou parcialmente de pagamento.

En todos os casos, só se autorizará o arrendamento de canles se o arrendatario acredita previamente o cumprimento de todas as condicións legalmente establecidas para a obtención da licenza.

- d) En todo caso, está prohibido o subarrendamento.
- e) Ao cumprimento da oferta mediante a cal se obtivo a adxudicación da licenza.

Artigo 30. *Extinción das licenzas audiovisuais.*

1. A licenza extinguirase polo transcurso do prazo para o cal foi outorgada sen que se produza a súa renovación, por extinción da personalidade xurídica do seu titular salvo nos supostos de fusións ou concentracións empresariais, morte ou incapacidade sobrevida do titular, pola súa revogación, por renuncia do seu titular e por non ter pagado as taxas que gravan a prestación do servizo de comunicación audiovisual.

2. Sen prexuízo do previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, respecto da revisión de oficio de actos administrativos, a licenza poderá ser revogada por non ter sido utilizada nun prazo de 12 meses desde que houber obrigación legal de comezar as emisións, telo feito con fins e modalidades distintos daqueles para que foi outorgada, ou por sanción administrativa firme de acordo co previsto nesta lei.

3. Cando as sociedades incorran no suposto previsto no artigo 26.1.b) desta lei, non procederá a renovación da licenza con motivo da adquisición por un terceiro dunha participación significativa ou, de ser o caso, de control, se a dita adquisición se realizou con intención de prexudicar a sociedade concesionaria facendo revogable a súa licenza.

Presumirase en todo caso a intención prexudicial cando a decisión de adquirir a participación non fose comunicada de forma inmediata e fidedigna ao órgano de administración da sociedade, do que non poderá formar parte o adquirente, por si ou por representante.

Unha vez coñecida a adquisición, a sociedade poderá exercer, no prazo de tres meses, dereito de retracto sobre a participación adquirida polo mesmo prezo en que o tiver sido. Adquirida a participación, a sociedade disporá dun ano para alleala ou, en caso contrario, amortizala reducindo o capital social.

Artigo 31. *Explotación de redes de comunicación electrónica e servizos de comunicación audiovisual.*

1. Os provedores do servizo de comunicacións electrónicas garantirán o dereito de acceso aos provedores do servizo de comunicación audiovisual e produtores independentes de acordo co establecido na lexislación sobre telecomunicacións e as capacidades técnicas da súa rede.

2. Igualmente, os provedores do servizo de comunicacións electrónicas garantirán a posibilidade técnica de transmitir imaxe e son en condicións que permitan unha interactividade efectiva.

3. Pola súa banda, e co obxecto de garantir o mantemento do pluralismo informativo e audiovisual, a Corporación de Radio e Televisión Española garantizará a cesión das súas canles de radio e televisión aos provedores dos servizos de difusión de televisión por cable, por satélite e por protocolo de internet (IPTV), sen contraprestación económica entre as partes.

Así mesmo, os titulares de licenzas dos servizos de comunicación audiovisual de ámbito estatal facilitarán a cesión das súas canles principais de televisión en aberto, logo de negociación para fixar a contraprestación económica acordada entre as partes.

4. Os provedores do servizo de comunicación electrónica poderán selo tamén de comunicacións audiovisuais, e estarán sometidos a esta lei en canto provedores deste servizo.

Artigo 32. Servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro.

1. As entidades privadas que teñan a consideración legal de entidades sen ánimo de lucro poderán prestar servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro para atender as necesidades sociais, culturais e de comunicación específicas de comunidades e grupos sociais, así como para fomentar a participación cidadá e a vertebración do tecido asociativo. En todo caso, os ditos contidos emitiranse en aberto e sen ningún tipo de comunicación audiovisual comercial.

2. A Administración xeral do Estado debe garantir en todo caso a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico necesario para a prestación destes servizos.

3. A prestación deste tipo de servizos require licenza previa. No dito título estableceranse as condicións que aseguren a súa natureza sen ánimo de lucro, podendo establecerse o uso compartido dunha mesma canle así como as condicións do dito uso.

4. A adxudicación da licenza leva implícita a concesión de uso privativo do dominio público radioeléctrico dispoñible para a prestación do servizo. A Administración xeral do Estado habilitará o dominio público radioeléctrico necesario para a prestación destes servizos.

5. A licenza en ningún caso poderá perder o seu carácter orixinal de servizo de comunicación audiovisual comunitario sen ánimo de lucro e non poderá ser obxecto de transmisión nin arrendamento.

6. As entidades fornecedoras destes servizos deberán xustificar a procedencia dos seus fondos, así como o detalle de gastos e ingresos, se os houber. A autoridade audiovisual establecerá un sistema de avaliación de xestión financeira e un rexistro específico para o depósito da súa memoria económica. Salvo autorización expresa da autoridade audiovisual, os seus gastos de explotación anuais non poderán ser superiores a 100.000 euros no caso dos servizos de comunicación audiovisual televisiva e de 50.000 euros no caso dos servizos de comunicación audiovisual radiofónica.

7. As entidades titulares dos servizos de comunicación audiovisual sen ánimo de lucro deberán acreditar o pagamento de cantos dereitos, canons ou taxas deriven da súa actividade.

Artigo 33. Rexistros de fornecedores do servizo de comunicación audiovisual.

1. Os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual deberán inscribirse nun rexistro estatal ou autonómico de carácter público, en atención ao correspondente ámbito de cobertura da emisión.

2. No dito rexistro deberán inscribirse igualmente os titulares de participacións significativas nos fornecedores do servizo de comunicación audiovisual, indicando a porcentaxe de capital que posúan.

Para os efectos do disposto nesta lei, enténdese por participación significativa a que represente, directa ou indirectamente:

- a) o 5% do capital social,
- b) o 30% dos dereitos de voto ou porcentaxe inferior, se serve para designar, nos 24 meses seguintes á adquisición, un número de conselleiros que representen máis da metade dos membros do órgano de administración da sociedade.

De conformidade coa lexislación mercantil, consideraranse posuídas ou adquiridas por unha mesma persoa física ou xurídica as accións ou outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes a un mesmo grupo de sociedades de forma concertada ou formando unha unidade de decisión, ou por persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela.

3. Créase o Rexistro Estatal de Fornecedores de Servizos de Comunicación Audiovisual, dependente do Consello Estatal de Medios Audiovisuais. Regulamentariamente establecerase a organización e funcionamento do dito rexistro.

4. As autoridades audiovisuais competentes do Estado e das comunidades autónomas deberán articular unha canle que asegure a necesaria coordinación entre o rexistro estatal e os rexistros autonómicos, e facilite o acceso por medios telemáticos ao conxunto de datos inscritos neles.

Sección 2.^a Novas formas de comunicación audiovisual

Artigo 34. Televisión en mobilidade.

1. A prestación do servizo de comunicación audiovisual de televisión en mobilidade e servizos conexas requirirá licenza nos mesmos termos dos provedores do servizo de comunicación audiovisual, en especial no referente ao título II, capítulo I. Como criterio para a acreditación da solvencia dos candidatos nos concursos de outorgamento terase en conta a experiencia acumulada como provedores do servizo de comunicación audiovisual.

2. A planificación do dominio público radioeléctrico para a súa atribución aos servizos de comunicación audiovisual televisiva en mobilidade deberá asegurar que unha parte dos recursos espectrais se reserve aos servizos públicos audiovisuais.

3. Potenciarase a presenza de canles con produción de contidos específicos adaptados ás peculiaridades da televisión en mobilidade. Polo menos un 10% dos contidos deberán estar adaptados ás especificidades da televisión en mobilidade derivadas do tamaño das pantallas dos terminais de recepción.

4. A emisión e a recepción deberán aterse, en todo caso, aos estándares establecidos para o territorio da Unión Europea.

Artigo 35. Televisión en alta definición.

1. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual poderán emitir televisión en resolución de alta definición. Esta emisión poderase compatibilizar cos programas de resolución estándar dentro do límite de capacidade asignada.

2. A emisión e recepción deberá aterse en todo caso aos estándares establecidos para o territorio da Unión Europea.

Sección 3.^a Regras para o mantemento dun mercado audiovisual competitivo, transparente e plural

Artigo 36. Pluralismo no mercado audiovisual televisivo.

1. As persoas físicas e xurídicas poden ser titulares simultaneamente de participacións sociais ou dereitos de voto en diferentes provedores do servizo de comunicación audiovisual televisiva.

2. Non obstante, ningunha persoa física ou xurídica poderá adquirir unha participación significativa en máis dun provedor do servizo de comunicación audiovisual televisiva de ámbito estatal cando a audiencia media do conxunto das canles dos provedores de ámbito estatal considerados supere o 27% da audiencia total durante os doce meses consecutivos anteriores á adquisición.

3. A superación do 27% da audiencia total con posterioridade á adquisición dunha nova participación significativa non terá ningún efecto sobre o titular dela.

4. As participacións sociais ou os dereitos de voto de persoas físicas ou xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo estarán suxeitas ao cumprimento do principio de reciprocidade. De se producir un incremento nas participacións que, no momento da entrada en vigor desta lei, posúan as persoas físicas e xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo, a porcentaxe total que posúan no capital social do provedor do servizo de comunicación audiovisual televisiva deberá ser, en todo momento, inferior ao 50% del.

5. Ningunha persoa física ou xurídica poderá adquirir unha participación significativa ou dereitos de voto en máis dun provedor do servizo de comunicación audiovisual televisiva:

a) Cando os provedores do servizo de comunicación audiovisual de ámbito estatal acumulen dereitos de uso sobre o dominio público radioeléctrico superiores, no seu conxunto, á capacidade técnica correspondente a dúas canles múltiplex.

b) Cando os provedores do servizo de comunicación audiovisual de ámbito autonómico acumulen dereitos de uso sobre o dominio público radioeléctrico superiores, no seu conxunto, á capacidade técnica correspondente a unha canle múltiplex.

c) Ningunha persoa física ou xurídica titular ou partícipe no capital social dun provedor do servizo de comunicación audiovisual televisiva de ámbito estatal poderá adquirir unha participación significativa ou dereitos de voto no capital doutro provedor do mesmo servizo, cando isto supoña impedir a existencia de, cando menos, tres provedores privados distintos do servizo de comunicación audiovisual televisiva no ámbito estatal, asegurándose o respecto ao pluralismo informativo.

Artigo 37. *Pluralismo no mercado audiovisual radiofónico.*

1. Unha mesma persoa física ou xurídica non poderá, en ningún caso, controlar directa ou indirectamente máis do cincuenta por cento das licenzas administrativas do servizo de radiodifusión sonora terrestre que coincidan substancialmente no seu ámbito de cobertura. En todo caso, unha mesma persoa física ou xurídica non poderá controlar máis de cinco licenzas nun mesmo ámbito de cobertura.

2. Nunha mesma comunidade autónoma ningunha persoa física ou xurídica poderá controlar máis do corenta por cento das licenzas existentes en ámbitos en que só teña cobertura unha única licenza.

3. Ningunha persoa física ou xurídica poderá controlar directa ou indirectamente máis dun terzo do conxunto das licenzas do servizo de radiodifusión sonora terrestre con cobertura total ou parcial no conxunto do territorio do Estado.

4. Co obxecto de limitar o número de licenzas cuxo control pode simultanearse, á hora de contabilizar estes límites non se computarán as emisoras de radiodifusión sonoras xestionadas de forma directa por entidades públicas. Para os efectos previstos neste artigo, entenderase que existe control cando se dean os supostos a que se refire o artigo 42 do Código de comercio.

5. Os límites anteriores aplicaranse de forma independente ás licenzas para a emisión con tecnoloxía dixital e ás licenzas para a emisión en tecnoloxía analóxica.

CAPÍTULO II

A liberdade de recepción dos servizos de comunicación audiovisual prestados desde fóra de España

Artigo 38. *Liberdade de recepción dos servizos prestados dentro do Espazo Económico Europeo.*

1. Garántese a liberdade de recepción en todo o territorio español dos servizos audiovisuais cuxos titulares se encontren establecidos nun Estado membro do Espazo Económico Europeo, sempre que non interfiran tecnicamente nas emisións dos provedores establecidos baixo xurisdición española. No ámbito do Convenio europeo sobre televisión transfronteiriza e para canalizar o dereito á diversidade cultural e lingüística a nivel europeo, en todas as zonas limítrofes cun país da Unión Europea se posibilitará a emisión e a recepción de programas difundidos mediante ondas hertzianas garantindo para iso unha adecuada planificación do espectro radioeléctrico nas zonas transfronteirizas.

A autoridade audiovisual competente estatal, con carácter excepcional e de conformidade co disposto no artigo 2 bis da Directiva 89/552, poderá limitar a dita liberdade de recepción cando os servizos audiovisuais infrinxan de maneira grave e reiterada o disposto na lexislación española en materia de protección de menores. Ademais, se o servizo de comunicación audiovisual é a pedimento, a liberdade de recepción poderá limitarse por razóns de orde, seguridade ou saúde públicas, ou para protexer os consumidores.

2. A acreditación de tales medidas deberá efectuarse mediante a instrución do correspondente expediente pola autoridade audiovisual competente estatal.

Non obstante, antes de adoptar tales medidas, notificarase á Comisión e ao Estado a cuxa xurisdición estea suxeito o fornecedor de servizos a súa intención de adoptar medidas. En caso de decisión negativa, deberase pór fin urxentemente ás medidas de que se trate.

Artigo 39. *Servizo de comunicación audiovisual dirixido total ou principalmente ao territorio español.*

A autoridade competente estatal poderá adoptar medidas de salvagarda da lexislación española, de acordo co procedemento previsto no artigo anterior, cando o fornecedor dun servizo de comunicación audiovisual establecido noutro Estado da Unión Europea dirixa o seu servizo total ou principalmente ao territorio español.

TÍTULO IV

Os fornecedores públicos do servizo de comunicación audiovisual

Artigo 40. *Servizo público de comunicación audiovisual.*

1. O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten como misión difundir contidos que fomenten os principios e valores constitucionais, contribuír á formación dunha opinión pública plural, dar a coñecer a diversidade cultural e lingüística de España, e difundir o coñecemento e as artes, con especial incidencia no fomento dunha cultura audiovisual. Así mesmo, os fornecedores do servizo público de comunicación audiovisual atenderán aqueles cidadáns e grupos sociais que non son destinatarios da programación maioritaria.

En cumprimento das misións establecidas no parágrafo anterior, o servizo público de comunicación audiovisual ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto de canles de radio, televisión e servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, cubrindo todos os xéneros, destinadas a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade e a preservar o pluralismo nos medios de comunicación.

Os entes que presten o servizo público de comunicación audiovisual e as súas sociedades fornecedoras non poderán ceder a terceiros a produción e edición dos programas informativos e daqueles que expresamente determinen os mandatos marco que para cada ente se aproben en desenvolvemento do marco competencial correspondente.

Igualmente, impulsarán a produción propia da súa programación de forma que esta abranga a maioría dos programas difundidos nas cadeas xeneralistas.

2. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais poderán acordar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual con obxecto de emitir en aberto canles xeneralistas ou temáticas.

3. A emisión do servizo público de comunicación audiovisual por ondas hertzianas terrestres dunha comunidade ou cidade autónoma noutra limítrofe e con afinidades lingüísticas e culturais poderá ser efectuada sempre que así o acorden mediante convenio, e exista reciprocidade.

Artigo 41. *A función de servizo público audiovisual e o seu control.*

1. Os obxectivos xerais da función de servizo público estableceranse normativamente para un período de nove anos. O seu desenvolvemento e concreción para todas e cada unha das súas canles, levarase a cabo para prazos inferiores, mediante a subscripción polo Estado e as comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos de competencia, dos correspondentes contratos programa, identificándose de maneira expresa os contidos de servizo público. En particular, deberán concretarse as porcentaxes de xéneros de programación que deban emitirse nas canles xestionadas por un mesmo fornecedor.

Para eses efectos, no prazo máximo e improrrogable de 180 días desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno subscribirá coa Corporación RTVE o contrato programa correspondente no que se detallará a oferta de televisión. Esta oferta terá en conta plenamente as obrigacións de servizo público previstas nos artigos 2 e 3 da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, así como no artigo 9 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española, e nas disposicións vixentes do Mandato marco á Corporación RTVE aprobado polas Cortes Xerais os días 11 e 12 de decembro de 2007.

No dito contrato programa quedará especificada e singularizada a organización e programación da 2 de RTVE, que, en todo caso, disporá dun plan concreto para a creación do centro de produción de referencia en Sant Cugat.

Ademais da oferta de televisión, no contrato programa incluírase tamén a de radio e dos servizos conexas e interactivos e de información en liña, a programación da Orquestra e Coro e do Instituto de Radio e Televisión Española.

Todo fornecedor do servizo público de comunicación audiovisual deberá contar coa organización e estrutura suficiente e necesaria para asegurar o cumprimento da misión de servizo público que lle fose encomendada.

2. Corresponde ás Cortes Xerais, aos parlamentos autonómicos, ás autoridades audiovisuais competentes e, de ser o caso, aos órganos de goberno local, o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público.

3. En particular, as autoridades audiovisuais competentes deberán avaliar se os novos servizos significativos que se pretendan incluír se axustan á misión de servizo público encomendada e se alteran a competencia no mercado audiovisual. Durante a avaliación deberáselles outorgar audiencia aos distintos interesados, e os seus resultados deberán publicarse.

Ademais, a autoridade audiovisual establecerá un procedemento para que se poida contar coa súa intervención en caso de incumprimento da función de servizo público.

4. O financiamento público non poderá soste actividades nin contidos alleos ao cumprimento da función de servizo público.

Ao desenvolver os obxectivos xerais da función de servizo público por cada autoridade competente, determinaranse as regras para establecer o custo neto do seu cumprimento e para obter a compensación que proceda, así como a súa devolución cando sexa excesiva. Tales criterios deberán ser concretados no correspondente acto de encomenda da xestión do servizo público.

Artigo 42. *Límites para os fornecedores de servizo público audiovisual de titularidade pública.*

1. Os fornecedores do servizo público de comunicación audiovisual de titularidade pública non poderán participar no capital social de fornecedores privados do servizo de comunicación audiovisual.

2. A xestión dos fornecedores de servizo público de comunicación audiovisual de titularidade pública deberá realizarse conforme criterios de transparencia empresarial.

3. Os criterios reitores da dirección editorial do fornecedor de servizo público de comunicación audiovisual serán elaborados por un órgano cuxa composición reflicta o pluralismo político e social do ámbito da súa cobertura.

4. No ámbito de cobertura estatal, o Estado non poderá reservar ou adxudicar aos fornecedores de titularidade pública máis do 25 por cento do espazo radioelétrico dispoñible para o servizo de televisión no ámbito estatal, de acordo co plan técnico nacional correspondente.

No caso das emisoras radiofónicas de ámbito estatal, o Estado non poderá reservar para os fornecedores de titularidade pública estatal máis do 35% do espazo radioelétrico dispoñible para o servizo de radiodifusión, de acordo co plan técnico nacional correspondente.

Artigo 43. *Regulación do financiamento dos provedores do servizo público de comunicación audiovisual.*

1. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais determinarán normativamente, para o seu ámbito de competencia, o sistema de financiamento do seu servizo público de comunicación audiovisual. O dito sistema deberá ser compatible coa normativa vixente en materia de competencia.

2. Os servizos de interese económico xeral de comunicación audiovisual radiofónica, televisiva, conexas e interactivos de titularidade estatal non admitirán ningunha forma de comunicación comercial audiovisual, nin a emisión de contidos audiovisuais en sistemas de acceso condicional, sen prexuízo das excepcións que a súa normativa específica de financiamento estableza.

Para facilitar a súa operatividade interna e a prol da eficiencia económica da súa xestión, a Corporación RTVE transformárase nunha única sociedade mercantil estatal de acordo coas previsións contidas na disposición adicional quinta desta lei.

3. Os provedores de televisión de titularidade pública non poderán dedicar canles exclusivamente a emitir comunicación comercial.

4. O financiamento público que exceda do custo neto do servizo deberá reembolsarse ou minorarse da compensación orzada para o exercicio seguinte.

5. Co fin de cuantificar o custo neto do servizo público de comunicación audiovisual, os provedores deste servizo deben dispor de separación de contas por actividades así como levar un sistema de contabilidade analítica que separe a imputación de ingresos e custos da actividade de servizo público, dos contidos comerciais e das restantes actividades. Igualmente, os provedores do servizo público de comunicación audiovisual deberán proceder progresivamente á separación estrutural das súas actividades para garantir os prezos de transferencia e o respecto ás condicións de mercado. Todo isto conforme o disposto na Lei 4/2007, do 3 de abril, de transparencia.

6. O custo neto será a diferenza entre os custos totais de cada sociedade provedora de servizo público e os seus outros ingresos distintos das compensacións.

Nos ingresos, deberá constar información detallada das fontes e contía dos derivados das actividades de servizo público e dos que non o son.

Nos custos, consideraranse só os gastos contraídos na xestión do servizo público. Os custos derivados de actividades que non son servizo público deberán identificarse claramente e contabilizarse por separado. Os custos destinados simultaneamente a desenvolver actividades de servizo público e as que non o son asignaranse proporcionalmente. Os que sexan atribuíbles na súa totalidade a actividades de servizo público, pero que beneficien actividades que non o son, asignaranse integramente á actividade de servizo público.

7. Nos termos establecidos pola Comisión Europea sobre a aplicación das normas en materia de axudas estatais aos servizos públicos de radiodifusión, os provedores de servizos públicos de comunicación audiovisual non poderán subcotizar os prezos da súa oferta comercial e de servizos nin utilizar a compensación pública para sobrepor fronte a competidores privados por dereitos de emisión sobre contidos de gran valor no mercado audiovisual.

8. Os provedores do servizo público de comunicación audiovisual poderán manter reservas de ata un 10 por 100 do financiamento anual orzado para o cumprimento do servizo público. As reservas superiores só se poderán manter, logo de autorización, en casos debidamente xustificadas para cubrir as necesidades de servizo público. Estas reservas deberán ser utilizadas dentro dun prazo máximo de catro anos. As reservas non utilizadas ao cabo dese período teranse en conta para o cálculo da compensación durante o seguinte período. En todo caso, ao termo de cada período de catro anos deberá comprobarse se se mantivo un nivel de reservas anuais superior ao 10 por 100, caso en que deberá axustarse á baixa a compensación polo servizo público prestado.

9. A autoridade audiovisual competente determinará un procedemento de control periódico do financiamento público que reciban os provedores do servizo público de comunicación audiovisual, así como as medidas de reequilibrio necesarias para que o seu destino sexa o establecido na presente lei.

TÍTULO V

O Consello Estatal de Medios Audiovisuais

CAPÍTULO I

Natureza, fins e réxime xurídico

Artigo 44. *Natureza.*

O Consello Estatal de Medios Audiovisuais é un organismo público dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.

Estará adscrito ao Ministerio da Presidencia.

Artigo 45. *Fins.*

O Consello Estatal de Medios Audiovisuais, como autoridade independente supervisora e reguladora de actividade dos medios de titularidade do Estado ou que estean baixo a súa competencia, ten por finalidade velar e garantir o cumprimento dos seguintes obxectivos:

- a) O libre exercicio da comunicación audiovisual en materia de radio, televisión e servizos conexos e interactivos nas condicións previstas nesta lei.
- b) A plena eficacia dos dereitos e obrigacións establecidos nesta lei; en especial, todo o referente ao menor.
- c) A transparencia e o pluralismo do sector dos medios de comunicación audiovisual.
- d) A independencia e imparcialidade do sector público estatal de radio, televisión e servizos conexos e interactivos, e o cumprimento da misión de servizo público que lle sexa encomendada.

Artigo 46. *Réxime xurídico.*

O Consello Estatal de Medios Audiovisuais rexerase, ademais de polo disposto nesta lei:

- a) Polas disposicións da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que lle sexan de aplicación. Anualmente elaborará un anteproxecto de orzamento coa estrutura que estableza o Ministerio de Economía e Facenda e remitirao ao Ministerio de Presidencia, para a súa elevación ao Goberno e a súa posterior integración nos orzamentos xerais do Estado, a través do Ministerio de Economía e Facenda.
- b) Pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- c) Pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e, no non previsto nela, polo dereito privado nas súas adquisicións patrimoniais.
- d) Polas normas de dereito laboral en materia de medios persoais. A selección do persoal realizarase mediante convocatoria pública e de acordo con sistemas baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade.
- e) Pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e pola normativa que lle sexa de aplicación no exercicio das súas funcións públicas.

CAPÍTULO II

Funcións

Artigo 47. *Funcións.*

1. Corresponde ao Consello Estatal de Medios Audiovisuais, no ámbito da actividade audiovisual de ámbito estatal, o exercicio das seguintes funcións:

a) Adoptar as medidas precisas para a plena eficacia dos dereitos e obrigacións establecidos nesta lei, así como da normativa europea exixible ao sector audiovisual.

b) Aprobar o catálogo de acontecementos de interese xeral para a sociedade, con consulta previa aos provedores do servizo de comunicación audiovisual e aos organizadores das competicións deportivas.

c) Recibir as comunicacións de inicio de actividade dos provedores do servizo de comunicación audiovisual.

d) Emitir informe sobre o prego de condicións dos concursos de outorgamento de licenzas de comunicación audiovisual que convoque o órgano competente do Goberno, e as distintas ofertas presentadas; igualmente, o Consello Estatal de Medios Audiovisuais é competente para decidir sobre a renovación das ditas licenzas, segundo o establecido no artigo 28, autorizar a celebración de negocios xurídicos sobre elas e decláralas extinguidas, de conformidade co réxime establecido nesta lei.

e) Levar o Rexistro Estatal de Provedores de Servizos de Comunicación Audiovisual.

f) Verificar as condicións dos artigos 36 e 37 da lei en materia de limitación de adquisición de participacións entre operadores do servizo de comunicación audiovisual e emitir informe sobre as ditas operacións cando, por constituíren operacións de concentración, deban ser autorizadas pola Comisión Nacional da Competencia.

g) Certificar a emisión en cadea por parte dos provedores do servizo de comunicación audiovisual radiofónica que así o comunicasen, e instar a súa inscrición, cando proceda, no Rexistro Estatal de Provedores de Servizos de Comunicación Audiovisual.

h) Velar polo mantemento dun mercado audiovisual competitivo, transparente e fiable nos sistemas de medición de audiencias, e plural.

i) Vixiar o cumprimento da misión de servizo dos provedores do servizo público de comunicación audiovisual e a adecuación dos recursos públicos asignados para iso.

j) Avaliar o efecto de novos entrantes tecnolóxicos no mercado audiovisual, e de novos servizos significativos en relación con posibles modificacións na definición e ampliación da encomenda de servizo público.

k) Arbitrar, cando así for acordado previamente polas partes, nos conflitos que poidan xurdir entre os provedores de servizos de comunicación audiovisual, así como naqueles que se produzan entre produtores audiovisuais, provedores de contidos, titulares de canles e provedores de servizos de comunicación audiovisual. Para estes efectos, os laudos que dite terán os efectos establecidos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje; a súa revisión, anulación e execución forzosa acomodaranse ao disposto na citada lei.

l) Exercer as competencias que esta lei lle confire en relación co cinema.

m) O exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos nesta lei.

n) Velar polo cumprimento de todas as disposicións desta lei e exercer as facultades nela previstas para garantir o exercicio dos dereitos e o cumprimento das obrigacións recoñecidas nela.

o) Velar pola promoción da alfabetización mediática no ámbito audiovisual coa finalidade de fomentar a adquisición da máxima competencia mediática por parte da cidadanía.

p) Exercer cantas atribucións lle atribúe esta lei e calquera outra que lle sexa encomendada.

2. O Consello Estatal de Medios Audiovisuais asesorará as Cortes Xerais, o Goberno, os organismos reguladores e, a pedimento delas, as autoridades audiovisuais independentes autonómicas nas materias relacionadas co sector audiovisual.

En particular, correspóndelle ao Consello Estatal de Medios Audiovisuais:

- a) Emitir un informe previo sobre os proxectos e disposicións que poidan afectar o sector audiovisual.
- b) Propor ao Goberno a elaboración de disposicións de carácter xeral relativas á actividade audiovisual.
- c) Remitir anualmente ao Goberno e ás Cortes Xerais un informe preceptivo sobre o sector audiovisual
- d) Elaborar estudos, informes, balances estatísticos e ditames sobre materias da súa competencia por instancia propia ou por iniciativa das Cortes Xerais ou o Goberno sobre calquera das materias da súa competencia.
- e) Emitir informe preceptivo nos procedementos iniciados por calquera órgano regulador de ámbito estatal que afecten ou poidan afectar o sector audiovisual.
- f) Elaborar un informe anual sobre o nivel de alfabetización mediática, seguindo os indicadores de medición utilizados pola Comisión Europea ou outros indicadores que o propio Consello Estatal de Medios Audiovisuais poida considerar de interese.

3. O Consello Estatal de Medios Audiovisuais poderá coordinar a súa actividade coas autoridades audiovisuais europeas e autonómicas, coas cales subscribirá, para tal fin, convenios de colaboración, con especial atención ao principio de eficiencia e economía administrativa.

4. O Consello Estatal de Medios Audiovisuais colaborará coas administracións responsables das telecomunicacións e, en particular, coa Axencia Estatal de Radiocomunicacións e a Comisión do Mercado de Telecomunicacións.

Artigo 48. *Potestades e facultades.*

O Consello Estatal de Medios Audiovisuais poderá:

1. Ditar as disposicións e actos precisos para o adecuado exercicio das competencias que lle atribúe esta lei e para o desenvolvemento daquelas normas que o habiliten expresamente para o efecto. As disposicións adoptarán a denominación de «instrución» cando teñan carácter vinculante, e de «recomendación» en caso contrario.
2. Requirir aos provedores do servizo de comunicación audiovisual os datos necesarios para comprobar o cumprimento das súas obrigacións. A información obtida será confidencial e non poderá ser utilizada para fins distintos dos previstos na lexislación audiovisual.
3. Realizar inspeccións, para cuxo efecto o persoal dependente do Consello Estatal de Medios Audiovisuais ten a condición de autoridade pública.
4. Requirir o cesamento daquelas prácticas que contraveñan as disposicións establecidas nesta lei e as súas normas de desenvolvemento.
5. Adoptar as medidas provisionais necesarias para garantir a eficacia das súas resolucións nos termos previstos no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
6. Instruír e sancionar as condutas tipificadas como infraccións nesta lei cando se produzan no mercado audiovisual estatal.

CAPÍTULO III

Organización e garantías de independencia

Artigo 49. *Órganos directivos.*

1. O Consello Estatal de Medios Audiovisuais estará formado pola Presidencia, a Vicepresidencia e sete consellarías cuxos titulares serán nomeados polo Goberno mediante real decreto, por proposta do Congreso dos Deputados por maioría de tres quintos, entre

persoas de recoñecida competencia en materias relacionadas co sector audiovisual en todas as súas vertentes.

Non obstante o anterior, na primeira designación dos conselleiros se, transcorridos dous meses desde a primeira votación no Congreso dos Deputados, non se alcanzar a maioría requirida de 3/5, esta cámara procederá á súa designación por maioría absoluta.

O Consello tomará as súas decisións por maioría simple. O presidente terá, en caso de empate, voto de calidade.

As retribucións dos membros do Consello serán fixadas polo Ministerio de Economía e Facenda, conforme o réxime de cargos directivos de entidades similares.

2. O Consello Estatal de Medios Audiovisuais aprobará un regulamento de réxime interior no que se determinará a distribución de competencias entre os distintos órganos; os procedementos internos de funcionamento; os procedementos de ingreso do persoal, así como cantas cuestións relativas ao funcionamento e réxime de actuación resulten necesarias conforme as previsións desta lei. A súa estrutura orgánica será determinada polo Consello de Ministros, mediante real decreto, por proposta do Ministerio da Presidencia, contando co informe previo do Consello Estatal de Medios Audiovisuais.

3. Corresponde á Presidencia do Consello Estatal de Medios Audiovisuais exercer as seguintes funcións:

- a) A representación legal do organismo.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Consello.
- c) Dirixir e coordinar as actividades de todos os órganos directivos.
- d) Dispor os gastos e ordenar os pagamentos que correspondan.
- e) Celebrar contratos e convenios.
- f) Desempeñar a xefatura superior do persoal.
- g) Exercer as facultades que o Consello lle delegue de forma expresa.
- h) Presidir o Comité Consultivo.
- i) Exercer as demais funcións que lle atribúe o ordenamento xurídico vixente.

4. Corresponde á Vicepresidencia: substituír a Presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e exercer as funcións que lle sexan delegadas, así como nos casos de dimisión do presidente ata o nomeamento polo Congreso dos Deputados do seu substituto coa maioría requirida por esta lei.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, será substituído polo conselleiro con maior antigüidade no cargo e, a igualdade de antigüidade, polo de maior idade.

Artigo 50. *Estatuto persoal.*

1. O mandato dos integrantes do Consello terá unha duración de seis anos, non renovable. Se durante o período de duración do seu mandato se producir o cesamento, o seu sucesor será nomeado polo tempo que reste.

2. O Consello renovarase parcialmente cada tres anos, por grupos de catro e cinco dos seus integrantes, alternativamente.

3. Os membros do Consello Estatal Audiovisual cesarán no seu cargo polas causas seguintes:

- a) Expiración do termo do seu mandato.
- b) Renuncia aceptada polo Consello.
- c) Separación acordada polo Consello de Ministros e ratificada polo Congreso dos Deputados por maioría de 3/5, logo de instrución do correspondente expediente, por incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incompatibilidade sobrevida e incumprimento grave das súas obrigacións.
- d) Por sentenza firme condenatoria por delito doloso.

4. Os membros do Consello exercerán o seu cargo con dedicación exclusiva e absoluta independencia do Consello do Goberno e dos operadores do sector.

5. Os membros do Consello estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

A condición de membro do Consello será ademais incompatible co mantemento de intereses económicos, directos ou indirectos, tanto no sector específico da comunicación audiovisual como na industria produtora ou distribuidora de contidos para este e as súas industrias auxiliares, así como no sector das telecomunicacións ou de servizos de sociedade da información. Estas incompatibilidades serán exhibibles durante o seu mandato e ata dous anos despois da data do seu cesamento.

6. O réxime de persoal do ente será o previsto no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Artigo 51. *Comité Consultivo.*

1. O Comité Consultivo é o órgano de participación cidadá e de asesoramento do Consello Estatal de Medios Audiovisuais.

2. O Comité Consultivo estará presidido polo presidente do Consello Estatal de Medios Audiovisuais, que non disporá de voto en relación cos seus informes.

O número de membros do Comité e a forma da súa designación serán determinados regulamentariamente. Os membros serán designados en representación dos provedores do servizo de comunicación audiovisual de ámbito estatal, das organizacións representativas do sector da produción audiovisual e dos anunciantes, dos sindicatos máis representativos do sector a nivel estatal, de asociacións de defensa dos usuarios dos servizos de comunicación audiovisual, con representación acreditada en ámbito estatal, así como do Consello de Consumidores e Usuarios.

3. O Comité Consultivo do Consello Estatal de Medios Audiovisuais será convocado cada catro meses co obxecto de ser informado periodicamente polo Consello das actuacións por el desenvolvidas. En todo caso, o Comité Consultivo terá como facultades:

a) Informar con carácter xeral sobre as orientacións da política audiovisual, a situación do sector e a oferta de programación dos servizos de comunicación audiovisual.

b) Ser consultado a respecto das propostas de disposicións do Consello e sobre os criterios de interpretacións e aplicación do réxime de infraccións e sancións previstas nesta lei.

c) Informar e asesorar, a pedimento do Consello, sobre todos aqueles asuntos que sexan sometidos á súa consideración.

d) Elevar ao Consello os informes e propostas que considere oportunos relacionados co funcionamento do sector audiovisual.

4. A condición de membro do Comité Consultivo non exixirá dedicación exclusiva nin dará dereito a remuneración.

Artigo 52. *Garantía patrimonial e financeira.*

1. O Consello Estatal de Medios Audiovisuais contará con patrimonio propio e independente do patrimonio da Administración xeral do Estado, que será determinado regulamentariamente.

Os recursos do Consello Estatal de Medios Audiovisuais estarán integrados por:

a) Os bens e valores que constitúen o patrimonio e os produtos e rendas deste e as taxas proporcionadas e equitativas que perciba pola realización das súas actividades ou a prestación dos seus servizos.

b) As transferencias que, con cargo ao orzamento do Estado, efectúe o Ministerio da Presidencia.

2. Os ingresos de cada exercicio destinaranse a:

a) Cubrir perdas de exercicios anteriores.

b) O mantemento da súa actividade e dos bens que integran o seu patrimonio.

3. O control económico e financeiro do Consello Estatal de Medios Audiovisuais levarase a cabo mediante comprobacións periódicas ou procedementos de auditoría, a cargo da Intervención Xeral da Administración do Estado, sen prexuízo das funcións que correspondan ao Tribunal de Contas.

CAPÍTULO IV

Responsabilidade do Consello Estatal de Medios Audiovisuais

Artigo 53. *Control parlamentario do Consello Estatal de Medios Audiovisuais.*

O Consello Estatal de Medios Audiovisuais elevará anualmente ás Cortes Xerais un informe sobre o desenvolvemento das súas actividades e sobre a situación do mercado audiovisual. A Presidencia do Consello Estatal de Medios Audiovisuais comparecerá ante a comisión parlamentaria competente para dar conta de tal informe, así como cantas veces sexa requirido para iso.

Artigo 54. *Esgotamento da vía administrativa e control xurisdiccional.*

As disposicións e actos que dite o Consello Estatal de Medios Audiovisuais no exercicio das potestades administrativas que lle confire esta lei porán fin á vía administrativa e serán impugnables en vía contencioso-administrativa.

TÍTULO VI

Réxime sancionador básico

Artigo 55. *Principios xerais.*

O procedemento sancionador en materia audiovisual rexerese polos principios xerais previstos no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o seu desenvolvemento regulamentario.

Artigo 56.

As comunidades autónomas exercerán as competencias de supervisión, control e protección activa para garantir o cumprimento do previsto nesta lei e, de ser o caso, a potestade sancionadora en relación cos servizos de comunicación audiovisual cuxo ámbito de cobertura, calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non exceda os seus respectivos límites territoriais. Tamén serán competentes en relación cos servizos audiovisuais cuxa prestación sexa realizada directamente por elas ou por entidades ás cales lles conferisen a súa xestión dentro do correspondente ámbito autonómico.

Artigo 57. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. A emisión de contidos que de forma manifesta fomenten o odio, o desprezo ou a discriminación por motivos de nacemento, raza, sexo, relixión, nacionalidade, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

2. A emisión de comunicacións comerciais que vulneren a dignidade humana ou utilicen a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio.

3. O incumprimento en máis dun dez por cento dos deberes de reservar a porcentaxe de tempo de emisión anual destinada a obras europeas e de financiamento anticipado da produción europea de películas cinematográficas, películas e series para televisión, así como documentais e películas e series de animación, establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 5.

4. A difusión do nome, a imaxe ou outros datos que permitan a identificación dos menores no contexto de feitos delituosos ou en emisións que discutan a súa tutela ou filiación.

5. A comisión dúas veces nun día e nunha mesma canle de comunicación audiovisual da infracción grave prevista no artigo 58.6.

6. A prestación do servizo de comunicación audiovisual sen dispor da correspondente licenza ou sen ter cumprido o deber de comunicación previa.

7. A alteración non autorizada de calquera dos parámetros técnicos de emisión que veñan definidos na concesión de uso privativo do espectro radioeléctrico a que se fai referencia no artigo 24.2 desta lei, así como das características recollidas no proxecto técnico que for aprobado pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións para a posta en marcha das emisións.

8. A prestación do servizo de comunicación audiovisual baseada nunha comunicación previa carente de eficacia, por acharse incurso nalgún dos supostos previstos no artigo 23.2.

9. A prestación do servizo de comunicación audiovisual baseada nunha solicitude cuxo titular estea incurso en calquera das circunstancias previstas no artigo 26.

10. O incumprimento das condicións esenciais da licenza previstas no artigo 24 desta lei, tres veces en seis meses.

11. O incumprimento do deber de inscrición no rexistro previsto nesta lei ou a achega a el de datos falsos.

12. A celebración de negocios xurídicos de transmisión ou arrendamento da licenza de prestación do servizo sen cumprir os requisitos requiridos no artigo 29.

13. O incumprimento das resolucións ditadas pola autoridade audiovisual competente para restablecer o pluralismo no mercado audiovisual, en aplicación das previsións contidas nos artigos 4, 36 e 37 desta lei.

14. A acumulación de catro infraccións graves nun mesmo ano natural.

Artigo 58. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. O incumprimento do deber de identificación plena previsto no artigo 6.1.

2. A vulneración durante máis de tres días nun período de dez días consecutivos do deber previsto no artigo 6.2 de dar a coñecer cunha antelación de tres días e mediante unha guía electrónica a programación da canle de televisión.

3. A vulneración da prohibición e, de ser o caso, das condicións de emisión de contidos prexudiciais para o menor, previstas no artigo 7.2.

4. O incumprimento nunha canle, durante máis de cinco días nun período de dez días consecutivos, dos deberes de accesibilidade previstos nos números 2 e 3 do artigo 8.

5. O incumprimento das instrucións e decisións da autoridade audiovisual.

6. O incumprimento do límite de tempo de emisión por hora de reloxo dedicado á publicidade e á televenda, establecido no artigo 14.1, cando exceda nun vinte por cento do permitido.

7. O incumprimento do resto das condicións establecidas nesta lei para a realización das distintas formas de comunicación comercial previstas nos artigos 14, 15, 16 e 17 que non estean incluídas na tipificación do número anterior.

O incumprimento na mesma comunicación comercial de dúas ou máis condicións das previstas neses artigos só dará lugar a unha sanción. Así mesmo, o incumprimento dunha das condicións previstas nos citados artigos non poderá dar lugar ademais á sanción por comunicación comercial encuberta.

8. A emisión de comunicacións comerciais encubertas, que utilicen técnicas subliminares, que fomenten comportamentos nocivos para a saúde nos termos establecidos no número 3 do artigo 18, que fomenten comportamentos nocivos para o ambiente ou para

a seguridade das persoas, ou que sexan de natureza política, salvo os casos de excepción legal, ou que incorran nas prohibicións establecidas na normativa de publicidade.

9. O incumprimento do deber de lles permitir aos restantes provedores a emisión dun breve resumo informativo, nos termos e coas condicións establecidas polo artigo 19 no seu número 3.

10. O incumprimento das obrigacións de emisión en aberto e de venda da emisión dos acontecementos de interese xeral para a sociedade previstas, respectivamente, nos números 2 e 3 do artigo 20.

11. A negativa, resistencia ou obstrución que impida, dificulte ou atrase o exercicio de facultades de inspección da autoridade competente.

12. O incumprimento dos códigos de autorregulación de conduta a que se refire o artigo 12 desta lei.

13. A acumulación de catro infraccións leves nun mesmo ano natural.

Artigo 59. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. O incumprimento do deber de atender un requirimento de información ditado pola autoridade competente, así como atrasar inxustificadamente a súa achega cando resulte exigible conforme o disposto nesta lei.

2. O incumprimento do resto de deberes e obrigacións establecidos nesta lei, que non estea tipificado como infracción grave ou moi grave.

3. O incumprimento das condicións non esenciais da licenza.

Artigo 60. *Sancións.*

1. As infraccións moi graves serán sancionadas:

a) En todo caso, con multa de 500.001 ata 1.000.000 de euros para os servizos de comunicación audiovisual televisiva e de 100.001 a 200.000 para os radiofónicos, para os provedores do servizo de comunicación electrónica e para os provedores de servizo de catálogo de programas.

b) Poderán ser ademais sancionadas coa revogación da licenza para prestar o servizo de comunicación audiovisual por ondas hertzianas terrestres e o conseqüente cesamento da prestación do servizo nos seguintes supostos:

Cando o provedor cometese a infracción moi grave prevista no artigo 57.13.

Cando o provedor fose sancionado como mínimo en tres ocasións, mediante resolución administrativa firme e nun prazo non superior a dous anos, pola comisión das infraccións moi graves previstas nos números 3, 9 e 12 do artigo 57.

En ningún caso se poderá propor o cesamento das actividades dos provedores de servizo público audiovisual como provedores de servizo que son e non titulares dunha licenza, aínda que se incorren nalgúns dos casos previstos neste punto será causa de cesamento para os seus responsables e poderá ser reclamado pola autoridade audiovisual competente ante os órganos que correspondan.

c) Poderán ser ademais sancionadas coa extinción dos efectos da comunicación previa e o conseqüente cesamento da prestación do servizo de comunicación audiovisual nos seguintes supostos:

Cando o provedor cometese a infracción moi grave prevista no artigo 57.13.

Cando o provedor cometese, como mínimo en tres ocasións e nun prazo non superior a dous anos, a infracción moi grave prevista no número 3 do artigo 57.

En ningún caso se poderá propor o cesamento das actividades dos provedores de servizo público audiovisual como provedores de servizo que son e non titulares dunha licenza, aínda que se incorren nalgúns dos casos previstos neste punto será causa de

cesamento para os seus responsables e poderá ser reclamado pola autoridade audiovisual competente ante os órganos que correspondan.

d) No caso das infraccións previstas nos números 6, 7 e 8 do artigo 57, ademais da multa imponse o cesamento das emisións, e precintaranse provisionalmente os equipamentos e instalacións utilizados para realizar a emisión.

2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 100.001 ata 500.000 euros para servizos de comunicación audiovisual televisiva e de 50.001 a 100.000 para os radiofónicos, para os provedores do servizo de comunicación electrónica e para os provedores de servizo de catálogo de programas.

3. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 100.000 euros para os servizos de comunicación televisiva e ata 50.000 para os radiofónicos, para os provedores do servizo de comunicación electrónica e para os provedores de servizo de catálogo de programas.

4. A contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os seguintes criterios:

a) A inclusión da conduta sancionada nun código de autorregulación que obrigue o infractor como conduta prohibida.

b) Ter sido sancionado por resolución administrativa firme polo mesmo tipo de infracción no prazo dos tres anos anteriores.

c) A gravidade das infraccións cometidas no prazo anterior de tres anos polo suxeito ao cal se sanciona.

d) A repercusión social das infraccións.

e) O beneficio que lle reportase ao infractor o feito obxecto da infracción.

5. A autoridade competente para a imposición poderá acordar que a sanción comporte a obrigaçión de difundir a parte resolutiva delas.

As contías sinaladas neste artigo serán actualizadas periodicamente polo Goberno, tendo en conta a variación dos índices de prezos de consumo.

Artigo 61. *Responsabilidade pola comisión de infraccións.*

1. A responsabilidade administrativa polas infraccións desta lei é exixible ao provedor do servizo de comunicación audiovisual. Tamén será aplicable, cando proceda conforme esta lei, aos provedores do servizo radiofónico e aos provedores dos servizos de comunicación electrónica e de catálogo de programas.

Para os efectos da correcta dilucidación da responsabilidade administrativa, os provedores do servizo deberán archivar durante un prazo de seis meses, contado desde a data da súa primeira emisión, todos os programas emitidos, incluídas as comunicacións comerciais, e rexistrar os datos relativos a tales programas.

2. Non incorrerá en responsabilidade administrativa o provedor do servizo de comunicación audiovisual, nin os provedores dos servizos de comunicación electrónica e de servizo de catálogo de programas, cando emitan comunicacións comerciais elaboradas por persoas alleas ao provedor e que supoñan unha infracción de acordo coa normativa vixente sobre publicidade.

Non obstante, o provedor do servizo deberá cesar na emisión de tal comunicación comercial ao primeiro requirimento da autoridade audiovisual ou de calquera organismo de autorregulación a que pertenza.

3. O infractor deberá repor a situación alterada ao seu estado orixinario e resarcir os danos e perdas causados, sempre que tecnicamente sexa posible. A autoridade competente para a resolución do expediente sancionador pode impor multas coercitivas de ata 30.000 euros diarios para o cumprimento destas obrigaçións.

Disposición adicional primeira. *Constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

1. A constitución efectiva da Axencia Estatal de Radiocomunicacións terá lugar no momento da aprobación do seu estatuto conforme o réxime establecido na Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

2. Corresponde á Axencia Estatal de Radiocomunicacións a función de control do espazo radioeléctrico e da súa protección activa ante a ocupación ou o uso efectivo ilegal deste de acordo cos requisitos e conforme o procedemento que se determinarán regulamentariamente. No seu estatuto e funcións atenderase ao previsto nos artigos 45 e 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

3. Para a aplicación do artigo 56 desta lei, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá encomendar a execución dalgunhas das súas funcións ás comunidades autónomas.

Disposición adicional segunda. *Participación das comunidades autónomas na planificación estatal do espazo radioeléctrico.*

A planificación do espazo radioeléctrico será elaborada coa participación das comunidades autónomas a través de instrumentos de cooperación previstos na lexislación xeral.

Para estes efectos, o Goberno obterá informes das comunidades autónomas á hora de habilitar bandas, canles e frecuencias para a prestación de servizos de comunicación audiovisual que afecten o territorio das ditas comunidades autónomas.

Disposición adicional terceira.

Os provedores de servizos de comunicación audiovisual, os produtores audiovisuais, os provedores de contidos e os titulares de canles poderán someter as súas controversias ao coñecemento do Consello Estatal de Medios Audiovisuais ou aos órganos que para tal fin creen as comunidades autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, con suxeición á Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

Disposición adicional cuarta. *Réxime especial aplicable a Canarias.*

1. En atención ás especiais circunstancias de afastamento, insularidade e dispersión da poboación que concorren en Canarias como rexión ultraperiférica, así como á necesidade que supoñen as telecomunicacións de banda larga para a comunicación de contidos audiovisuais, o Goberno establecerá no prazo máximo de seis meses as medidas compensatorias que por razóns de cohesión territorial sexan necesarias para compensar o sobrecusto que afrontan os operadores para despregar servizos de banda larga en Canarias, debido aos tramos troncais das redes de telecomunicacións que interconectan as illas Canarias entre si e estas co resto do territorio español, e, con isto, equiparar a dispoñibilidade e condicións de acceso a todo tipo de servizos audiovisuais de banda larga en todas as illas Canarias coas do resto do Estado.

2. Estas medidas compensatorias serán financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional quinta. *Xestión directa do servizo público de radio e televisión de titularidade estatal.*

1. Encoméndaselle á sociedade mercantil estatal Corporación de Radio e Televisión Española, S.A. a xestión directa do servizo público da radio, televisión, servizos conexas e interactivos e de información en liña de titularidade estatal nos termos que se definen na Lei 17/2006, do 5 de xuño, de radio e televisión de titularidade estatal, e pola Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.

Ao día seguinte da entrada en vigor desta lei iniciaranse todas as actuacións e operacións que para o efecto se requiran, de conformidade coa Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, e o Consello de Ministros procederá a adoptar os acordos que, de ser o caso, sexan necesarios para a extinción da

Sociedade Mercantil Estatal Radio Nacional de España, S.A. (SME RNE S.A.) e a Sociedade Mercantil Estatal Televisión Española, S.A. (SME TVE S.A.) garantindo a subrogación de Corporación de Radio e Televisión Española, S.A. (Corporación RTVE) na posición xurídica de ambas as sociedades.

A Corporación de Radio e Televisión Española, S.A. comezará a prestar directamente o servizo público da radio, televisión, servizos conexos e interactivos e de información en liña de titularidade estatal ao día seguinte do outorgamento das correspondentes escrituras públicas de cesión global de activos e pasivos por parte de SME TVE, S.A. e SME RNE, S.A., na cal se determinarán as achegas non monetarias, valorándose en euros, que ao respecto se atribúan.

As achegas non requirirán o informe de experto independente.

2. Ata que se proceda á autorización das operacións descritas no número anterior, as sociedades mercantís estatais Radio Nacional de España, S.A. (SME RNE S.A.) e Televisión Española S.A. (SME TVE S.A.) continuarán rexendo polo disposto na Lei 17/2006, do 5 de xuño.

3. O réxime especial previsto no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, será aplicable á operación de cesión global de activos e pasivos de SME TVE, S.A. e SME RNE, S.A., á Corporación de Radio e Televisión Española, S.A.

Todas as operacións societarias, transmisións patrimoniais e actos derivados directa ou indirectamente da aplicación desta disposición estarán exentos de calquera tributo estatal, autonómico ou local, así como do pagamento de calquera arancel ou honorario profesional devengados pola intervención de fedatarios públicos e de rexistradores da propiedade e mercantís.

4. A Corporación RTVE sucederá a SME TVE, S.A. e SME RNE, S.A. en todos os bens, contratos e, en xeral, dereitos e obrigacións que deriven da cesión global de activos e pasivos a que se refiren os parágrafos anteriores. Con este fin, a Corporación RTVE quedará subrogada na mesma posición xurídica que tiña SME TVE, S.A. e SME RNE, S.A., en todos os seus bens, dereitos, obrigacións, relacións xurídicas e procedementos administrativos ou xudiciais en curso. A subrogación da Corporación RTVE nos contratos de arrendamentos de inmobles dos que foren titulares SME RNE, S.A. e SME TVE, S.A. non dará lugar por si soa á extinción dos contratos de arrendamento nin ao aumento da renda ou á percepción de cantidade ningunha polo arrendador.

Igualmente, a Corporación RTVE subrogarase na mesma posición xurídica que tiñan as citadas entidades nas relacións xurídicas, dereitos e obrigacións de natureza laboral e de seguridade social de todos os traballadores que se incorporen a ela e respectarase a categoría profesional, antigüidade e dereitos económicos e sociais adquiridos polo persoal mencionado.

5. SME TVE, S.A. e SME RNE, S.A. quedarán extinguidas unha vez inscritas no Rexistro Mercantil as escrituras públicas de cesión global de activos e pasivos a Corporación RTVE.

Disposición adicional sexta.

Os operadores de comunicación audiovisual estarán obrigados a preservar e a conservar o arquivo de imaxes en movemento e audio.

Disposición transitoria primeira. *Procedemento aplicable nos concursos convocados de acordo coa lexislación anterior.*

1. Os concursos de adjudicación de concesións para a xestión indirecta do servizo de interese xeral de radio e televisión de ámbito estatal non resoltos antes da entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación de acordo co procedemento previsto na normativa vixente no momento da convocatoria do concurso.

2. Unha vez resolto o concurso a autoridade competente transformará a concesión en licenza.

A vixencia das novas licenzas será a prevista na lei.

Disposición transitoria segunda. *Dereitos recoñecidos e títulos outorgados antes da entrada en vigor desta lei.*

1. As concesións para a xestión indirecta do servizo público de radio ou televisión por ondas hertzianas terrestres de ámbito estatal, autonómico ou local, que non fosen declaradas extinguidas no momento da entrada en vigor desta lei deben transformarse en licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual.

A vixencia das novas licenzas será de quince anos, contados desde a data de transformación das concesións.

2. Os titulares das concesións deben solicitar á autoridade competente a correspondente transformación do título habilitante, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei.

A autoridade competente, unha vez recibida a solicitude, procederá a ditar resolución expresa mediante a cal transforme a concesión en licenza e a realizar a súa inscrición no rexistro correspondente.

Transcorrido o prazo de dous meses sen que se solicitase a transformación, as concesións quedarán extinguidas.

3. Quedan extinguidas desde a entrada en vigor desta lei as autorizacións para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva por satélite e as autorizacións para a prestación do servizo de comunicación audiovisual por cable.

A autoridade audiovisual competente procederá de oficio á inscrición no rexistro que corresponda dos antigos titulares de autorizacións.

4. O artigo 25.4 non será de aplicación ás participacións no capital social de persoas xurídicas titulares dunha concesión convertible en licenza, pertencentes a persoas físicas e xurídicas nacionais de países que non sexan membros do Espazo Económico Europeo que excedan, no momento da entrada en vigor desta lei, as limitacións previstas no citado artigo.

5. Os provedores de titularidade pública do servizo de interese económico xeral de comunicación audiovisual de ámbito autonómico manterán a súa actividade de acordo co réxime previsto nas correspondentes normas de concesión.

Disposición transitoria terceira. Conversión dos actuais rexistros de sociedades concesionarias para a xestión indirecta do servizo público esencial da televisión; de empresas radiodifusoras, especial de operadores de cable e creación do Rexistro Estatal de Proveedores do Servizo de Comunicación Audiovisual.

1. A creación do Rexistro Estatal de Proveedores do Servizo de Comunicación Audiovisual extinguirá os actuais rexistros de sociedades concesionarias para a xestión indirecta do servizo público esencial da televisión, de empresas radiodifusoras e o especial de operadores de cable.

2. Tras a entrada en vigor desta lei, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións procederá a transferir ao Consello Estatal de Medios Audiovisuais o Rexistro de Sociedades Concesionarias para a xestión indirecta do servizo público esencial da televisión, o Rexistro de Empresas Radiodifusoras e as inscricións contidas no rexistro creado en aplicación do disposto na disposición adicional décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, así como todos os expedientes que conteñan as autorizacións administrativas para o servizo de difusión de televisión por satélite e as súas modificacións, outorgadas para a prestación deste servizo de difusión.

3. Os órganos competentes inscribirán nos novos rexistros os anteriores titulares, unha vez transformado o seu título habilitante segundo o previsto na disposición transitoria segunda.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio de incompatibilidades de licenzas.*

Ata a data do cesamento efectivo das emisións de televisión con tecnoloxía analóxica, a limitación de titularidade de licenzas non será de aplicación no caso de que se simultanee unha licenza para emitir en analóxico e outra que empregue exclusivamente tecnoloxía dixital.

Disposición transitoria quinta. *Servizos de apoio para as persoas con discapacidade.*

1. Os servizos de accesibilidade das persoas con discapacidade na programación das canles a que se refire o artigo 8 deberán ter acadado en 31 de decembro de cada ano as seguintes porcentaxes e valores:

	2010	2011	2012	2013
Subtitulación	25%	45%	65%	75%
Horas lingua signos	0,5	1	1,5	2
Horas audiodescrición	0,5	1	1,5	2

2. Os servizos de accesibilidade das persoas con discapacidade na programación das canles de servizo público deberán ter acadado en 31 de decembro de cada ano as seguintes porcentaxes e valores:

	2010	2011	2012	2013
Subtitulación	25%	50%	70%	90%
Horas lingua signos	1	3	7	10
Horas audiodescrición	1	3	7	10

3. Autorízase o Goberno para ampliar regulamentariamente os prazos do número anterior de acordo coa evolución do mercado audiovisual, o proceso de implantación da tecnoloxía dixital e o desenvolvemento dos medios técnicos dispoñibles en cada momento.

4. Ata o final definitivo das emisións de televisión con tecnoloxía analóxica, as obrigacións de interpretación da lingua de signos e de audiodescrición non serán exixibles ás emisións en analóxico.

5. As canles de televisión de nova emisión deben acadar os tempos e porcentaxes fixados no artigo 8 no prazo de catro anos, extrapolando a escala do número 1.

Disposición transitoria sexta. *Catálogo de acontecementos de interese xeral para a sociedade.*

Mentres non sexa aprobado polo Consello Estatal de Medios Audiovisuais o catálogo de acontecementos de interese xeral para a sociedade, emitírase en directo e aberto, e para todo o territorio do Estado, un encontro de fútbol por cada xornada da Liga de primeira división, así como as semifinais e a final da Copa do Rei de fútbol, sempre que haxa algunha canle de televisión en aberto interesada en emitilo.

Disposición transitoria sétima. *O Consello Estatal de Medios Audiovisuais.*

Ata a efectiva constitución do Consello Estatal de Medios Audiovisuais as súas funcións serán exercidas polo órgano administrativo competente.

Para o caso da obrigación de financiamento establecida no artigo 5 desta lei, seguirá en vigor o disposto no Real decreto 1652/2004, do 8 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de películas cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas, en todo o relativo a autoridades competentes e procedemento aplicable.

Disposición transitoria oitava. *Primeiro mandato dos membros do Consello Estatal de Medios Audiovisuais.*

Non obstante o disposto no artigo 50 desta lei, o primeiro mandato de catro dos integrantes do Consello Estatal de Medios Audiovisuais durará tres anos.

Na primeira sesión do Consello Estatal de Medios Audiovisuais determinarase por sorteo, ou de forma voluntaria, qué catro conselleiros cesarán unha vez transcorrido o prazo de tres anos desde o seu nomeamento.

Disposición transitoria novena. *Mellora tecnolóxica e aproveitamento do dominio público radioeléctrico para a prestación do servizo de comunicación audiovisual.*

As melloras tecnolóxicas que permitan un maior aproveitamento do dominio público radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicación audiovisual non ampliarán, non obstante, o desfrute do número de canles individuais ou dentro dun múltiplex cuxa emisión por ondas hertzianas terrestres for habilitada mediante concesión ou licenza antes ou despois da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria décima. *Revisión da planificación e das concesións para a xestión das televisións locais por ondas hertzianas.*

1. As concesións para a xestión de televisións locais por ondas hertzianas, tanto as atribuídas ás administracións locais como a particulares, que non tivesen iniciado as súas emisións dentro do prazo establecido na normativa vixente no momento do seu outorgamento, quedarán automaticamente extinguidas seis meses despois da entrada en vigor desta lei.

2. Así mesmo, quedarán automaticamente extinguidas catro meses despois da entrada en vigor desta lei as concesións para a xestión de televisións locais por ondas hertzianas, tanto as atribuídas ás administracións locais como a particulares, que interrompesen as súas emisións e estiveren na dicha situación no momento da publicación desta norma.

No prazo de dezaioito meses, contado desde a entrada en vigor desta lei, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, conxuntamente coas comunidades autónomas, procederá durante seis meses á revisión do Plan técnico nacional da televisión local coa finalidade de racionalizar o seu contido.

3. Mentres se procede á revisión que se establece no parágrafo anterior, as autoridades audiovisuais competentes absteranse de convocar e de resolver concursos públicos para o outorgamento de títulos habilitantes para a xestión de televisións locais.

Disposición transitoria décimo primeira. *Cobertura da televisión dixital terrestre en Canarias.*

No proceso de extensión de cobertura da televisión dixital terrestre teranse en consideración as especiais circunstancias que concorren en Canarias como rexión ultraperiférica, de modo que as coberturas alcanzadas polo servizo de televisión dixital terrestre de cobertura estatal sexan equivalentes ás das restantes comunidades autónomas españolas, asegurando así mesmo un nivel equivalente de cobertura para cada unha das illas.

Disposición transitoria décimo segunda. *Vixencia dos contratos de adquisición dos dereitos das competicións futbolísticas.*

Os contratos de adquisición dos dereitos das competicións futbolísticas vixentes no momento da entrada en vigor desta lei seguirán sendo válidos ata a súa finalización, sempre e cando esta finalización teña lugar no prazo de 4 anos desde a entrada en vigor. En caso contrario, unha vez transcorrido o citado prazo de 4 anos desde a entrada en vigor da lei, os contratos expirarán forzosamente.

Disposición transitoria décimo terceira. *Emisión de comunicación comercial audiovisual.*

A sección 2.^a do capítulo II do título II da lei será de aplicación unha vez transcorridos tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria décimo cuarta. *Servizos de comunicación comunitarios sen ánimo de lucro existentes.*

1. Os servizos de comunicación comunitarios sen ánimo de lucro que estivesen en funcionamento con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009, ao abeiro da disposición adicional décimo oitava da Lei 56/2007, de medidas de impulso da sociedade da información (LISI), optarán a licenzas ou autorizacións no ámbito de cobertura no que viñan prestando a súa actividade.

2. Respectando os ámbitos de competencia existentes, tanto o procedemento de concesión da licenza como a concreción do marco de actuación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro se desenvolverán regulamentariamente nun prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor da presente lei.

Disposición transitoria décimo quinta. *Dixitalización do servizo de radiodifusión sonora terrestre.*

1. No prazo de dezaioito meses, contado desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o plan técnico de dixitalización integral do servizo de radiodifusión sonora terrestre. Este plan será elaborado respectando as actuais concesións para a xestión dos servizos de radiodifusión sonora por ondas medias (hectométricas), de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, de radiodifusión sonora dixital terrestre, que se adaptarán e transformarán dentro da nova tecnoloxía dixital.

2. O Goberno promoverá, para a confección e desenvolvemento do Plan de dixitalización da radiodifusión sonora terrestre, a mellor concertación cos sectores empresariais, públicos e privados, da radiodifusión sonora terrestre, das empresas de telecomunicacións que presten servizos soporte do servizo de difusión, das empresas do sector da electrónica e das empresas do sector automobilístico, entre outras.

Dentro do prazo de doce meses, contado desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno presentará á Comisión e ao Consello Europeos, segundo corresponda, unha proposta de coordinación dos Estados da Unión para a dixitalización global e conxunta dos servizos de radiodifusión terrestre.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei. E, en concreto, quedan expresamente derogadas:

1. A Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do estatuto da Radio e a Televisión.
2. A Lei 46/1983, do 26 de decembro, da terceira canle de televisión.
3. A Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións.
4. A Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.
5. A Lei 11/1991, do 8 de abril, de organización e control das emisoras municipais de radio.
6. A Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.
7. A Lei 37/1995, do 12 de decembro, de telecomunicacións por satélite, no referido aos servizos de comunicación audiovisual por satélite.
8. A Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.
9. A Lei 21/1997, do 3 de xullo, reguladora das emisións e retransmisións de competicións e acontecementos deportivos.
10. A disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
11. A disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

12. A disposición adicional segunda da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual.

13. As disposicións adicionais décima e transitorias sexta, oitava e décima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

14. A disposición adicional trixésima da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

15. A Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, salvo o artigo 5, que modifica o Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación, e salvo a disposición adicional segunda, relativa á garantía de accesibilidade para persoas con discapacidade, e a disposición adicional sétima, relativa á cobertura por satélite do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal.

16. A Lei 7/2009, do 3 de xullo, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións.

17. O Real decreto lei 11/2009, do 13 de agosto, polo que se regula para as concesións de ámbito estatal a prestación do servizo de televisión dixital terrestre de pagamento mediante acceso condicional.

18. O punto 6 da letra a) do anexo (definicións) da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

Modifícase o número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que quedará redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguridade Nuclear, a Corporación RTVE, as universidades non transferidas, a Axencia de Protección de Datos, o Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional de Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional da Competencia, a Comisión Nacional do Sector Postal e o Consello Estatal de Medios Audiovisuais rexeranse pola súa lexislación específica e, supletoriamente, por esta lei.

O Goberno e a Administración xeral do Estado exercerán respecto de tales organismos as facultades que a normativa de cada un deles lles asigne, de ser o caso, con estrito respecto aos seus correspondentes ámbitos de autonomía.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e televisión de titularidade estatal.*

A Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e televisión de titularidade estatal, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 3 queda redactado como segue:

«1. Atribúeselle á Corporación de Radio e Televisión Española, S.A., Corporación RTVE, a xestión do servizo público de radio e televisión nos termos que se definen nesta lei.»

Dous. O número 4 do artigo 3 queda redactado como segue:

«4. O conxunto das producións e emisións de radio e televisión efectuadas pola Corporación RTVE deberá cumprir coas obrigacións integradas na función de servizo público definida nesta lei.»

Tres. O número 1 do artigo 7 queda sen contido.

Catro. O número 2 do artigo 7 queda redactado como segue:

«2. A Corporación RTVE poderá constituír ou participar no capital de toda clase de entidades que adopten a forma de sociedade mercantil e cuxo obxecto social estea vinculado coas actividades e funcións daquela, incluídas as de servizo público. A adquisición ou perda da participación maioritaria, directa ou indirecta, da Corporación RTVE no capital social das ditas sociedades requirirá a autorización previa do Consello de Ministros.»

Cinco. O parágrafo segundo do número 3 do artigo 7 queda suprimido.

Seis. O número 5 do artigo 7 queda redactado como segue:

«5. A Corporación RTVE non poderá ceder a terceiros a produción e edición dos programas informativos e daqueles que expresamente determine o mandato marco.»

Sete. O número 2 do artigo 11 queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, dous dos membros do Consello, que serán elixidos polo Congreso, serano por proposta dos dous sindicatos máis representativos a nivel estatal con implantación na Corporación.»

Oito. A letra d) do número 4 do artigo 16 queda redactada como segue:

«d) Supervisar o labor da dirección da Corporación RTVE e das súas sociedades filiais.»

Nove. A letra o) do número 4 do artigo 16 queda redactada como segue:

«o) Determinar o procedemento interno aplicable pola Corporación RTVE para o exercicio do dereito de acceso recoñecido no artigo 20.3 da Constitución.»

Dez. O número 1 do artigo 24 queda redactado como segue:

«1. Os Consellos de Informativos son os órganos internos de participación dos profesionais da información da Corporación RTVE para velar pola súa independencia e a obxectividade e veracidade dos contidos informativos difundidos.»

Once. A letra d) do número 2 do artigo 24 queda redactada como segue:

«d) Emitir informe, con carácter non vinculante, sobre as propostas de nomeamento dos directores dos servizos informativos da Corporación RTVE.»

Doce. O número 1 do artigo 25 queda redactado como segue:

«1. A produción e programación da Corporación RTVE deberá axustarse ao cumprimento das súas funcións de servizo público.»

Trece. O número 3 do artigo 28 queda redactado como segue:

«3. A Corporación RTVE garantirá a dispoñibilidade dos medios técnicos e humanos necesarios para a realización dos espazos para o exercicio do dereito de acceso.»

Catorce. O artigo 29 queda redactado como segue:

«Artigo 29. *Patrimonio.*

1. A Corporación RTVE terá un patrimonio propio. Os bens e dereitos da Corporación RTVE serán en todo caso de dominio privado ou patrimoniais.

2. A xestión, administración, explotación e disposición dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Corporación RTVE rexeráse polo disposto nesta lei sobre el e, no seu defecto, polo ordenamento privado.»

Quince. Os números 2 e 3 do artigo 30 quedan redactados como segue:

«2. Sen prexuízo do anterior, a actividade contractual da Corporación RTVE rexeráse polo ordenamento xurídico privado.

3. Os servizos prestados, de ser o caso, pola Corporación RTVE a as súas sociedades filiais estarán remunerados de forma adecuada segundo criterios de mercado, debendo a Corporación RTVE establecer contas separadas para tal efecto.»

Dezaseis. O parágrafo primeiro do artigo 31 queda redactado como segue:

«A Corporación RTVE, e calquera outra sociedade en que posúa, directa ou indirectamente, a maioría do capital social só poderán recorrer ao endebedamento para o financiamento dos seus investimentos en inmovilizado material e inmaterial e para atender desfases temporais de tesouraría.»

Dezasete. O parágrafo primeiro do artigo 33 queda redactado como segue:

«As compensacións polo cumprimento das obrigacións de servizo público consignaranse nos orzamentos xerais do Estado. Estas compensacións terán carácter anual e non poderán superar o custo neto do servizo público prestado no correspondente exercicio orzamentario. Para estes efectos, considérase custo neto a diferenza entre os custos totais e os seus outros ingresos distintos das compensacións.»

Dezaioito. O número 2 do artigo 35 queda redactado como segue:

«2. O programa de actuación plurianual estará integrado polos estados financeiros e documentación exixida pola Lei xeral orzamentaria e reflectirá os datos económico-financeiros previstos para o exercicio relativo ao proxecto de orzamentos xerais do Estado e aos dous exercicios inmediatamente seguintes, segundo o contrato-programa, conforme as liñas estratéxicas e obxectivos definidos para a Corporación RTVE.»

Dezanove. O número 5 do artigo 37 queda redactado como segue:

«5. A Corporación RTVE deberá levar un sistema de contabilidade analítica que permita presentar contas separadas das actividades de servizo público e do resto de actividades que realice, co obxecto de determinar o custo neto a que se refire o artigo 33 desta lei.»

Vinte. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 38 queda redactado como segue:

«Estará suxeito a unha relación laboral especial aquel persoal directivo da Corporación cuxas funcións reúnan os requisitos exixidos polo ordenamento para que o seu contrato sexa cualificado como de alta dirección.»

Vinte e un. O número 2 do artigo 38 queda redactado como segue:

«2. O persoal de alta dirección a que se refire o número anterior estará suxeito ao mesmo réxime de incompatibilidades previsto no artigo 15 desta lei para os conselleiros da Corporación RTVE.»

Vinte e dous. O artigo 42 queda redactado como segue:

«Artigo 42. *Operacións de fusión, escisión e extinción.*

As operacións de fusión, escisión ou extinción da Corporación RTVE e cada unha das sociedades participadas, directa ou indirectamente, de forma maioritaria requirirán a autorización previa do Consello de Ministros. Así mesmo, requirirase a

dita autorización previa para a disolución delas polas causas enumeradas nos números 1, 3, 6 e 7 do artigo 260.1 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española.*

A Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O encabezamento do número 1 do artigo 2 queda redactado como segue:

«1. A Corporación RTVE financiarase cos seguintes recursos:»

Dos. O número 3 do artigo 4 queda redactado así:

«3. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións xestionará a taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico e a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira ordenará o pagamento do importe da porcentaxe sobre o rendemento da aludida taxa á Corporación de Radio e Televisión Española, na forma e prazos que regulamentariamente se determinen.»

Tres. O número 1 do artigo 7 queda redactado como segue:

«1. A Corporación RTVE poderá obter ingresos, sen subcotizar os prezos da súa actividade mercantil, polos servizos que preste e, en xeral, polo exercicio das súas actividades, incluíndo a comercialización dos seus contidos, tanto de produción propia como de produción mixta ou coprodución, sempre que os ingresos non procedan de actividades de publicidade ou de televenda en calquera das súas formas, incluído o patrocinio e o intercambio publicitario de produtos ou programas, nin se trate de ingresos derivados do acceso condicional que non estean autorizados conforme esta lei. Non obstante, permitiranse os patrocinios e o intercambio publicitario de eventos deportivos e culturais que se enmarquen dentro da misión de servizo público da Corporación, sen valor comercial e sempre que teñan este sistema como única posibilidade de difusión e produción.

Excepcionalmente poderán emitirse competicións deportivas con contrato de patrocinio ou outras formas comerciais cando estas formen parte indivisible da adquisición de dereitos e da produción do sinal que se vaia difundir.

Así mesmo, e en función do establecido no artigo 9.1.k) desta lei, a Corporación RTVE poderá aceptar patrocinios, sempre que estes só sexan difundidos a través das canles internacionais de televisión.

Os ingresos derivados do establecido nos dous parágrafos anteriores minoraranse das compensacións polo cumprimento das obrigacións de servizo público consignadas nos orzamentos xerais do Estado.»

Catro. A disposición transitoria primeira queda redactada como segue:

«Disposición transitoria primeira. *Emisións de publicidade, televenda e programas de acceso condicional.*

1. A partir da entrada en vigor desta lei a Corporación RTVE non poderá emitir publicidade, televenda e, de ser o caso, programas de acceso condicional, excepto nos supostos a que se refiren os números 3 e 5 do artigo 7 desta lei.

2. Non obstante, cando as emisións de publicidade, televenda e programas de acceso condicional teñan a súa orixe en contratos celebrados pola Corporación RTVE que se perfeccionasen con terceiros nunha data, constatada de forma que faga fe, anterior á entrada en vigor desta lei, as actividades de publicidade, televenda e programación de acceso condicional desenvolveranse nos termos establecidos

nos respectivos contratos, aínda que sen que estes poidan ser prorrogados en ningún caso.

3. Os ingresos derivados do establecido no número anterior minoraranse das compensacións polo cumprimento das obrigacións de servizo público consignadas nos orzamentos xerais do Estado.»

Disposición derradeira cuarta. *Mandato marco á Corporación RTVE.*

A aprobación das modificacións legais previstas nas disposicións derradeiras segunda e terceira desta lei implica a adaptación ou supresión dos artigos que se opoñan a elas do Mandato marco á Corporación RTVE aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados na súa sesión do 11 de decembro de 2007 e polo Pleno do Senado na súa sesión do 12 de decembro de 2007.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao ordenamento español a Directiva 2007/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 89/552/CEE do Consello sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia do Estado para ditar lexislación básica do réxime de prensa, radio e televisión recollida no artigo 149.1.27.^a da Constitución, salvo os artigos 5.3, parágrafo noveno, 11, 31 e o número 5 da disposición transitoria segunda, que se ditan ao abeiro da competencia estatal exclusiva en materia de telecomunicacións, prevista polo artigo 149.1.21.^a da Constitución.

As previsións desta lei son de aplicación a todas as comunidades autónomas respectando, en todo caso, as competencias exclusivas e compartidas en materia de medios de comunicación e de autoorganización que lles atribúen os respectivos estatutos de autonomía.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor no prazo dun mes desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Palma, 31 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO